*uns 12 vehículos. Na actualidade esa parcela está valada e xa non é utilizada como aparcamento. Por tanto, proponse o cambio de cualificación urbanística deste chan cualificado como viario local público cunha superficie de 1.132 metros cadrados a equipamento educativo público. É evidente que desta forma lógrase dotar ao centro dun patio de xogo para os alumnos máis amplo e onde poder desenvolver mellor as súas actividades. É evidente tamén que se perden polo menos 12 prazas de aparcamento para eses veciños da zona, que en conversacións mantidas con eles polo noso grupo manifestan que as necesidades de aparcamento son grandes dada a elevada densidade de vivendas nesa zona do barrio e que os edificios non dispoñen na súa maioría de prazas de garaxe. É por iso, e como sabemos que este goberno municipal preocúpalles pouco as necesidades de aparcamento dos veciños dos barrios, e que a política da señora alcaldesa é que se non tes un cortello non pode comprar unha vaca, facémoslles unha proposta que poden ter en conta ou non á hora de executar este proxecto: deixar unha franxa paralela ao viario público desta parcela lindeira coa rolda Camilo José Cela para dar unha alternativa a esas 12 prazas de aparcamento que se suprimiron, mesmo poden ser en batería, debido a que dispoñen dunha fronte de máis de 40 metros o cal permitiría situar aparcamentos e deixar un acceso desde ese viario a ese patio novo do colexio. Teñan en conta ou non a nosa proposta votaremos a favor tamén deste asunto.*

*E lembrarlle, señor Lage, que cando mírannos a nós polo temas dos asuntos que decaen neste pleno, eu creo que o fan un pouco sen pensalo porque a quen ten que mirar é aos seus socios, connosco non falan, non tratan nin convenian absolutamente nada. Quen os deixa colgados e polo que perden os asuntos é*

unos 12 vehículos. En la actualidad esa parcela está vallada y ya no es utilizada como aparcamiento. Por lo tanto, se propone el cambio de calificación urbanística de este suelo calificado como viario local público con una superficie de 1.132 metros cuadrados a equipamiento educativo público. Es evidente que de esta forma se logra dotar al centro de un patio de juego para los alumnos más amplio y en donde poder desarrollar mejor sus actividades. Es evidente también que se pierden al menos 12 plazas de aparcamiento para esos vecinos de la zona, que en conversaciones mantenidas con ellos por nuestro grupo manifiestan que las necesidades de aparcamiento son grandes dada la elevada densidad de viviendas en esa zona del barrio y que los edificios no disponen en su mayoría de plazas de garaje. Es por ello, y como sabemos que este gobierno municipal les preocupa poco las necesidades de aparcamiento de los vecinos de los barrios, y que la política de la señora alcaldesa es que si no tienes un establo no puede comprar una vaca, les hacemos una propuesta que pueden tener en cuenta o no a la hora de ejecutar este proyecto: dejar una franja paralela al viario público de esta parcela lindante con la ronda Camilo José Cela para dar una alternativa a esas 12 plazas de aparcamiento que se han suprimido, incluso pueden ser en batería, puesto que disponen de un frente de más de 40 metros lo cual permitiría situar aparcamientos y dejar un acceso desde ese vial a ese patio nuevo del colegio. Tengan en cuenta o no nuestra propuesta votaremos a favor también de este asunto.

Y recordarle, señor Lage, que cuando miran a nosotros por el temas de los asuntos que decaen en este pleno, yo creo que lo hacen un poco sin pensarlo porque a quien tienen que mirar es a sus socios, con nosotros no hablan, no tratan ni convenian absolutamente nada. Quienes los dejan colgados y por lo que pierden los asuntos

*porque os seus socios non contan con vostedes.*

*Moitas grazas*

**Presidencia**

Moitas grazas.

Pecha a quenda de debate o señor Díaz.

***Señor Díaz Gallego***

*Si. Grazas, alcaldesa.*

*Ben, señora Veira, nada, agradecer o voto favorable en ambos asuntos do Grupo municipal do BNG. Desde logo pola miña banda, tamén creo que falo en nome do Goberno local, sumarme ás felicitacións á comunidade educativa do Centro de Educación Especial da nosa Señora do Rosario, tanto o actual, efectivamente, como as anteriores que levan moito tempo pelexando porque o único colexio —como dicía— o único centro educativo da cidade que non tiña patio e que non tiña un espazo no que os nenos puidesen saír a xogar, que se cadra mesmo ata é máis grave no caso dun centro de educación especial, non?, que non fose así. Grazas á súa loita e grazas a todas as reunións que mantivemos con eles e a ese proceso participativo que están a realizar cos técnicos que redactaron o proxecto pois van ter por fin un patio no que gozar, e un patio no que ter o seu tempo de lecer como o resto dos nenos da cidade que nos seus colexios si o teñen.*

*Señor Deus, pola miña banda tamén agradecer o voto favorable ao Grupo municipal do Partido Popular ao asunto catro, ao relativo ao Polígono de Moura Reixas. Como sabe vostede ben, as tramitacións urbanísticas son procesos lentos, pero, ben, hoxe temos xa este*

es porque sus socios no cuentan con ustedes.

Muchas gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Cierra el turno de debate o señor Díaz.*

**Señor Díaz Gallego**

Sí. Gracias, alcaldesa.

Bueno, señora Veira, nada, agradecer el voto favorable en ambos asuntos del Grupo municipal del BNG. Desde luego por mi parte, también creo que hablo en nombre del Gobierno local, sumarme a las felicitaciones a la comunidad educativa del Centro de Educación Especial de Nuestra Señora del Rosario, tanto el actual, efectivamente, como las anteriores que llevan mucho tiempo peleando porque el único colegio —como decía— el único centro educativo de la ciudad que no tenía patio y que no tenía un espacio en el que los niños pudiesen salir a jugar, que a lo mejor incluso hasta es más grave en el caso de un centro de educación especial, ¿no?, que no fuese así. Gracias a su lucha y gracias a todas las reuniones que hemos mantenido con ellos y a ese proceso participativo que están realizando con los técnicos que redactaron el proyecto pues van a tener por fin un patio en el que disfrutar, y un patio en el que tener su tiempo de ocio como el resto de los niños de la ciudad que en sus colegios sí lo tienen.

Señor Deus, por mi parte también agradecer el voto favorable al Grupo municipal del Partido Popular al asunto cuatro, al relativo al Polígono de Moura Rejas. Como sabe usted bien, las tramitaciones urbanísticas son procesos lentos, pero, bueno, hoy tenemos ya este

*documento para aprobación definitiva e damos solución e cumprimento á sentenza que é o que máis urxía e o que máis preocupaba a este goberno local.*

**Ás once horas e quince minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.**

*En relación ao Asunto cinco, co asunto da modificación do Colexio A nosa Señora do Rosario, ben, volvemos coas prazas de aparcamento, xa me tardaba vostede en ter unha confrontación, non?, por perda de prazas de aparcamento, xa o botaba, botábao de menos, agora tenas coa miña compañeira Nereida, ben, pero todo chega, non?*

*Este goberno local, dixémolo sempre, desde logo prioriza a calidade do espazo público, prioriza a calidade dos espazos de lecer e de paseo e de recreo da xente fronte, ben, ao suposto dereito a aparcar en vía pública, neste caso, pois di de 12 prazas de aparcamento. Logo, creo que coincidimos todos a pesar do seu discurso en que é máis importante que os nenos dese colexio teñan un patio onde poder xogar que 12 coches estean estacionados nesa praza. En todo caso, tamén lle digo que si que se deu solución ao aparcamento que se perdeu, se pasou pola rolda de Camilo José Cela puido ver que xa no mandato pasado se cambiou todo o estacionamento dun dos lados a batería precisamente, e pintáronse as prazas, non?, que era unha reivindicación da Asociación de Veciños do Barrio das Flores, que non estaban pintadas e delimitadas, aparcábase mal e por tanto perdíanse estacionamentos, fíxose iso precisamente para gañar.*

*A proposta que nos expoñen, ben, entendo que a concelleira de mobilidade a analizará, pero xa lle comento que non sería viable no sentido de que alí estacionan xusto nese punto os autobuses*

documento para aprobación definitiva y damos solución y cumplimiento a la sentencia que es lo que más urgía y lo que más preocupaba a este gobierno local.

***A las once horas y quince minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.***

En relación al Asunto cinco, con el asunto de la modificación del Colegio Nuestra Señora del Rosario, bueno, volvemos con las plazas de aparcamiento, ya me tardaba usted en tener una confrontación, ¿no?, por pérdida de plazas de aparcamiento, ya lo echaba, lo echaba de menos, ahora las tiene con mi compañera Nereida, bueno, pero todo llega, ¿no?

Este gobierno local, lo hemos dicho siempre, desde luego prioriza la calidad del espacio público, prioriza la calidad de los espacios de ocio y de paseo y de recreo de la gente frente, bueno, al supuesto derecho a aparcar en vía pública, en este caso, pues dice de 12 plazas de aparcamiento. Luego, creo que coincidimos todos a pesar de su discurso en que es más importante que los niños de ese colegio tengan un patio donde poder jugar que 12 coches estén estacionados en esa plaza. En todo caso, también le digo que sí que se dio solución al aparcamiento que se ha perdido, si pasó por la ronda de Camilo José Cela pudo ver que ya en el mandato pasado se cambió todo el estacionamiento de uno de los lados a batería precisamente, y se pintaron las plazas, ¿no?, que era una reivindicación de la Asociación de Vecinos del Barrio de las Flores, que no estaban pintadas y delimitadas, se aparcaba mal y por tanto se perdían estacionamientos, se hizo eso precisamente para ganar.

La propuesta que nos plantean, bueno, entiendo que la concejala de movilidad la analizará, pero ya le comento que no sería viable en el sentido de que allí estacionan justo en ese punto los autobuses escolares

*escolares dos tres CEIP da zona porque non poden acceder ás portas principais, aí estaciona o bus escolar do María Pita, o bus escolar do Ramón da Sagra e o bus escolar do propio Nosa Señora do Rosario, por tanto, non podería habilitarse esa zona de aparcamento que di.*

de los tres CEIP de la zona porque no pueden acceder a las puertas principales, ahí estaciona el bus escolar del María Pita, el bus escolar del Ramón de la Sagra y el bus escolar del propio Nuestra Señora del Rosario, por lo tanto, no podría habilitarse esa zona de aparcamiento que dice.

*Agradecer en todo caso o voto favorable e agradecer aos dous grupos municipais que poidan saír estes dous asuntos adiante.*

Agradecer en todo caso el voto favorable y agradecer a los dos grupos municipales que puedan salir estos dos asuntos adelante.

**Presidencia**

***Presidencia***

Grazas, señor Díaz.

*Gracias, señor Díaz.*

Rematado o debate procedemos á votación por separado dos asuntos desta área.

*Finalizado el debate procede a la votación por separado de los asuntos de esta área.*

Asunto número catro.

*Asunto número cuatro.*

**Votación do asunto número catro**

***Votación do asunto número cuatro***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número catro relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número cuatro relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (PP) (12 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (PP) (12 votos).*

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).*

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, queda aprobado por unanimidade.

*Muchas gracias, queda aprobado por unanimidad.*

**Acordo**

***Acuerdo***

Primeiro. Aprobar definitivamente o

*Primero. Aprobar definitivamente el*

documento denominado "Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña, execución sentenza sobre o PXOM/2013. Starco Invest S.A. Febreiro 2024.", redactado polas arquitectas Ana Marquina Torres e María Calvo Llano (colexiadas do COAG núms.2.135 e 2.858, respectivamente), e o avogado Pablo Fraga Varela.

*documento denominado "Modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal. Ejecución Sentencia sobre el PGOM 2013 Starco Invest, S.A. Febrero 2024.", redactado por las arquitectas Ana Marquina Torres y María Calvo Llano (colegiadas del COAG núms.2.135 y 2.858, respectivamente), y el abogado Pablo Fraga Varela.*

Segundo. Realizar os trámites previstos nos artigos 82 e 88 da Lei 2/2016, do solo de Galicia e artigos 199, 209 e 212 do Regulamento para o desenvolvemento da lei anterior, para a entrada en vigor do documento aprobado.

*Segundo. Realizar los trámites previstos en los artículos 82 y 88 de la Ley 2/2016, del suelo de Galicia y artículos 199, 209 y 212 del Reglamento para el desarrollo de la ley anterior, para la entrada en vigor del documento aprobado.*

Terceiro. Notificar este acordo ao demandante, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e aos Departamentos municipais interesados na tramitación do expediente.

*Tercero. Notificar este acuerdo al demandante, al Tribunal Superior de Justicia de Galicia y a los Departamentos municipales interesados en la tramitación del expediente.*

**Votación do asunto número cinco**

***Votación do asunto número cinco***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número cinco relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número cinco relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (PP) (12 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos).*

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).*

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).*

**Presidencia**

***Presidencia***

Grazas, queda tamén aprobado por unanimidade.

*Gracias, queda también aprobado por unanimidad.*

**Acordo**

***Acuerdo***

Primeiro. Cambiar o uso dunha superficie

*Primero. Cambiar el uso de una superficie*

de 1.132 m2 de solo de titularidade municipal, cualificado como viario local público polo plan xeral, e estremeiro a Rolda de Camilo José Cela, número 2, pasando a ter unha cualificación urbanística de equipamento educativo público "ED (Pb)", coa finalidade de engadilo á parcela con referencia catastral 8497902NH4989N, na que se sitúa o Centro de educación especial Nuestra Señora do Rosario.

Segundo. Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, e achegar o documento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, para a súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

Terceiro. Remitir o acordo aos Departamentos municipais interesados na súa tramitación, para os efectos do seu coñecemento.

**<u>ÁREA DE ALCALDÍA</u>**

**<u>Coordinación Xeral da Área de Alcaldía</u>**

**<u>Dirección da Área de Asesoría Xurídica</u>**

**ASUNTO 6**

**53. Comparecencia no Procedemento ordinario 4114/2024 promovido pola Asociación Defensa do Común contra a aprobación definitiva do documento denominado "Estudo de detalle parcela 2 PERI A Maestranza. Novembro 2023".**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 26 de abril de 2024, co voto a favor dos Grupos

*de 1.132 m2 de suelo de titularidad municipal, calificado como vial local público por el plan general, y lindante con la Ronda de Camilo José Cela, número 2, pasando a tener una calificación urbanística de equipamiento educativo público "ED (Pb)", con la finalidad de añadirlo a la parcela con referencia catastral 8497902NH4989N, en la que se sitúa el Centro de educación especial Nuestra Señora del Rosario.*

*Segundo. Publicar este acuerdo en el Diario Oficial de Galicia y en el Boletín Oficial de la Provincia, y aportar el documento a la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de la Xunta de Galicia, para su inscripción en el Registro de Ordenación del Territorio y Planeamiento Urbanístico de Galicia.*

*Tercero. Remitir el acuerdo a los Departamentos municipales interesados en su tramitación, para su conocimiento*

***<u>ÁREA DE ALCALDÍA</u>***

***<u>Coordinación General del Área de Alcaldía</u>***

***<u>Dirección del Área de Asesoría Jurídica</u>***

***ASUNTO 6***

***53. Comparecencia en el Procedimiento ordinario 4114/2024 promovido por la Asociación Defensa do Común contra la aprobación definitiva del documento denominado "Estudio de detalle parcela 2 PERI A Maestranza. Noviembre 2023".***

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 26 de abril de 2024, con el voto a favor de los Grupos*

Municipais Socialista e do Partido Popular, e a abstención do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, proponse ao Pleno Municipal como ditame da Comisión, a adopción dos acordos seguintes:

*Municipales Socialista y del Partido Popular, y la abstención del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego, se propone al Pleno Municipal como dictamen de la Comisión, la adopción de los acuerdos siguientes:*

1º.- Comparecer no Procedemento Ordinario 4114/2024 promovido por Asociación Defensa do Común contra a aprobación definitiva do documento denominado "Estudio de Detalle Parcela 2 PERI La Maestranza. Noviembre 2023".

*1º.- Personarse en el Procedimiento Ordinario 4114/2024 promovido por Asociación Defensa do Común contra la aprobación definitiva del documento denominado "Estudio de Detalle Parcela 2 PERI La Maestranza. Noviembre 2023".*

2º.- Con este fin confírese a representación municipal ao director da Asesoría Xurídica D. José Abelardo Blanco Serrano e aos letrados municipais Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández García e D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándoos amplamente para interpoñer os recursos ordinarios e extraordinarios que procederen contra todo tipo de resolucións que puideren ditarse no procedemento se foran desfavorables ao Concello.

*2º.- A tal fin se confiere la representación municipal al director de la Asesoría Jurídica D. José Abelardo Blanco Serrano y a los letrados de los Servicios Jurídicos Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández García y D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándolos ampliamente para interponer los recursos ordinarios y extraordinarios que procedieren contra todo tipo de resoluciones que pudieren dictarse en el procedimiento si fueran desfavorables al Ayuntamiento.*

## Intervencións

## *Intervenciones*

**Presidencia**

Área de Alcaldía, asunto número 6. Señor secretario.

***Presidencia***

*Área de Alcaldía, asunto número 6. Señor secretario.*

**Señor Secretario**

Comparecencia no procedemento ordinario 4114/2024 promovido pola Asociación Defensa do Común contra a aprobación definitiva do documento denominado "Estudo de detalle Parcela 2 PERI A Maestranza. Novembro 2023.

***Señor Secretario***

*Personamiento en el procedimiento ordinario 4114/2024 promovido por la Asociación Defensa do Común contra la aprobación definitiva del documento denominado "Estudio de detalle Parcela 2 PERI A Maestranza. Noviembre 2023.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Efectivamente, tal e como consta no enunciado do asunto que se trae a votación para a comparecencia no P.O. 4114/2024, nun procedemento contencioso administrativo que interpón a Asociación Defensa do Común contra ese estudo de detalle na parcela da Maestranza. E o acordo que debe adoptarse polo Pleno ao tratarse dun asunto da súa competencia é a comparecencia no procedemento ordinario e conferir a representación municipal ao director da Asesoría Xurídica e aos letrados da propia Asesoría facultándolles coas competencias e facultades, valga a redundancia, que contén a Lei. Polo tanto, sen máis e sen haber lugar ao debate neste asunto procedemos directamente á votación.

*Efectivamente, tal y como consta en el enunciado del asunto que se trae a votación para la comparecencia en el P.O. 4114/2024, en un procedimiento contencioso administrativo que interpone la Asociación Defensa do Común contra ese estudio de detalle en la parcela de la Maestranza. Y el acuerdo que debe adoptarse por el Pleno al tratarse de un asunto de su competencia es el personamiento en el procedimiento ordinario y conferir la representación municipal al director de la Asesoría Jurídica y a los letrados de la propia Asesoría facultándoles con las competencias y facultades, valga la redundancia, que contiene la Ley. Por lo tanto, sin más y sin haber lugar al debate en este asunto procedemos directamente a la votación.*

**Votación do asunto número seis**

***Votación do asunto número seis***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación do asunto número seis relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete la votación del asunto número seis relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (PP) (12 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (PP) (12 votos).*

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).*

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas. Queda aprobado por unanimidade da Corporación.

*Muchas gracias. Queda aprobado por unanimidad de la Corporación.*

**Señora Veira González**

***Señora Veira González***

Señora alcaldesa, se me permite, se nos permite queriamos explicar o voto.

*Señora alcaldesa, si me permite, si nos permite queríamos explicar el voto.*

**Presidencia**

Si, señora Veira. Brevemente para a explicación do voto emitido ten a palabra.

**Señora Veira González**

Moi rápido, simplemente o que queremos puntualizar é que aínda que nós votásemos en contra deste estudo de detalle e ademais o argumentásemos en base a dez motivos sobre a nosa visión do urbanismo, sobre o Invied, da protección do matrimo.., do patrimonio —perdón— e da historia da cidade, entendemos que agora se teña que defender xudicialmente e que ademais este punto simplemente ao que se refire é a que o Concello, efectivamente, compareza e defenda os intereses municipais.

Nada máis.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Veira.

**Acordo**

1º.- Comparecer no Procedemento Ordinario 4114/2024 promovido por Asociación Defensa do Común contra a aprobación definitiva do documento denominado "Estudio de Detalle Parcela 2 Peri La Maestranza. Noviembre 2023".

2º.- Con este fin confírese a representación municipal ao director da Asesoría Xurídica D. José Abelardo Blanco Serrano e aos letrados municipais Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández García e D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándoos amplamente para interpoñer os recursos

***Presidencia***

*Sí, señora Veira. Brevemente para la explicación del voto emitido tiene la palabra.*

***Señora Veira González***

*Muy rápido, simplemente lo que queremos puntualizar es que aunque nosotros votáramos en contra de este estudio de detalle y además lo argumentáramos en base a diez motivos sobre nuestra visión del urbanismo, sobre el Invied, de la protección del matrimo.., del patrimonio —perdón— y de la historia de la ciudad, entendemos que ahora se tenga que defender judicialmente y que además este punto simplemente a lo que se refiere es a que el Ayuntamiento, efectivamente, comparezca y defienda los intereses municipales.*

*Nada más.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Veira.*

***Acuerdo***

*1º.- Personarse en el Procedimiento Ordinario 4114/2024 promovido por Asociación Defensa do Común contra la aprobación definitiva del documento denominado "Estudio de Detalle Parcela 2 Peri La Maestranza. Noviembre 2023".*

*2º.- A tal fin se confiere la representación municipal al director de la Asesoría Jurídica D. José Abelardo Blanco Serrano y a los letrados de los Servicios Jurídicos Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández García y D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándolos ampliamente para interponer los recursos ordinarios y*

ordinarios e extraordinarios que procederen contra todo tipo de resolucións que puideren ditarse no procedemento se foran desfavorables ao Concello.

*extraordinarios que procedieren contra todo tipo de resoluciones que pudieren dictarse en el procedimiento si fueran desfavorables al Ayuntamiento.*

**Presidencia**

Remata a Parte Resolutiva do Pleno —pode saír—, pasamos á Parte non Resolutiva. Señor secretario.

**Ás once horas e dezaoito minutos saen do Salón de Sesións os señores Mora do Campo e Díaz Gallego, e a señora Neira Fernández.**

**II. PARTE NON RESOLUTIVA. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN.**

**54. Ter coñecemento:**

- Das resolucións da Xunta de Goberno Local, desde a número cinco mil oitocentos noventa e cinco (5.895), do oito de abril de dous mil vinte e catro, á número sete mil quiñentos sete (7.507), do vinte e cinco de abril de dous mil vinte e catro.

- E dos decretos da Alcaldía, desde o número mil setecentos cincuenta e dous (1.752), do oito de abril de dous mil vinte e catro, ao número dous mil trescentos vinte e cinco (2.325), do vinte e cinco de abril de dous mil vinte e catro.

**Señor Secretario**

A continuación mocións, rogos e preguntas.

**2º. Mocións**

**MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

***Presidencia***

*Finaliza la Parte Resolutiva del Pleno —puede salir—, pasamos a la Parte no Resolutiva. Señor secretario.*

***A las once horas y dieciocho minutos salen del Salón de Sesiones los señores Mora do Campo y Díaz Gallego, y la señora Neira Fernández.***

***II. PARTE NO RESOLUTIVA. CONTROL Y SEGUIMIENTO DE LA GESTIÓN:***

***54. Tomar conocimiento:***

*- De las resoluciones de la Junta de Gobierno Local, desde la número cinco mil ochocientos noventa y cinco (5.895) de ocho de abril de dos mil veinticuatro, a la número siete mil quinientos siete (7.507), de veinticinco de abril de dos mil veinticuatro.*

*- Y de los decretos de la Alcaldía, desde el número mil setecientos cincuenta y dos (1.752), de ocho de abril de dos mil veinticuatro, al número dos mil trescientos veinticinco (3.325), de veinticinco de abril de dos mil veinticuatro.*

***Señor Secretario***

*A continuación mociones, ruegos y preguntas.*

***2º. Mociones***

***MOCIONES PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO***

**Primeira. Moción sobre o futuro dos terreos do porto interior da Coruña.**

**Presidencia**

Ben, iniciamos o debate das mocións coa primeira das presentadas polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa ó futuro dos terreos do porto interior da Coruña. A esta moción non constan emendas.

Señor Jorquera, ten a palabra.

**Señor Jorquera Caselas**

Moitas grazas.

Nesta moción sobre o futuro dos terreos do porto interior recollemos boa parte das reflexións e propostas que a Comisión Aberta en Defensa do Común e unha serie de organizacións e entidades trasladaron ó conxunto dos grupos municipais, por iso quero aproveitar para mandar un saúdo ós representantes de Defensa do Común —se non me confundo hai algún membro deles na Tribuna, dígoo porque dende onde estou non vexo a Tribuna—.

Creo que na actualidade existe un amplo consenso en considerar que o escenario deseñado nos convenios de 2004 está superado ó permitir os aproveitamentos urbanísticos e terciarios en terreos portuarios que, ó marxe doutras consideracións, en absoluto se corresponde coas necesidades da Coruña de hoxe. Tamén parece haber consenso en que o deseño futuro da denominada fachada marítima debe asentarse nos seguintes eixos básicos: mantemento da titularidade pública dos terreos, atención ós usos produtivos. Quero lembrar que o porto interior ten que seguir sendo o porto. Non todas as actividades portuarias poden trasladarse ó porto exterior e é necesario desenvolver a economía azul

***Primera. Moción sobre el futuro de los terrenos del puerto interior de A Coruña.***

***Presidencia***

*Ben, iniciamos el debate de las mociones con la primera de las presentadas por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego relativa al futuro de los terrenos del puerto interior de A Coruña. A esta moción no constan enmiendas.*

*Señor Jorquera, tiene la palabra.*

***Señor Jorquera Caselas***

*Muchas gracias.*

*En esta moción sobre el futuro de los terrenos del puerto interior recogemos buena parte de las reflexiones y propuestas que la Comisión Aberta en Defensa do Común y una serie de organizaciones y entidades trasladaron al conjunto de los grupos municipales, por eso quiero aprovechar para mandar un saludo a los representantes de Defensa do Común —si no me equivoco hay algún miembro de ellos en la Tribuna, lo digo porque desde donde estoy no veo la Tribuna—.*

*Creo que en la actualidad existe un amplio consenso en considerar que el escenario diseñado en los convenios de 2004 está superado al permitir los aprovechamientos urbanísticos y terciarios en terrenos portuarios que, al margen de otras consideraciones, en absoluto se corresponde con las necesidades de A Coruña de hoy. También parece haber consenso en que el diseño futuro de la denominada fachada marítima debe asentarse en los siguientes ejes básicos: mantenimiento de la titularidad pública de los terrenos, atención a los usos productivos. Quiero recordar que el puerto interior tiene que seguir siendo el puerto. No todas las actividades portuarias pueden trasladarse al puerto exterior y es*

promovendo o establecemento de industria innovadora vinculada á economía do mar, e tamén parece haber consenso en que os espazos liberados de actividades portuarias son unha oportunidade para deseñar a Coruña do futuro, resolvendo a integración porto-cidade, ampliando zonas verdes, creando zonas de lecer, dotacións, equipamentos públicos e resolvendo necesidades de mobilidade a escala metropolitana, por exemplo, impulsando a creación dun intercambiador de transporte marítimo-terrestre que inclúa o aproveitamento do tendido ferroviario existente para por en marcha servizos de tren de proximidade, mais a realidade é que todo isto a día de hoxe non se concretou nos pasos necesarios para impulsar esta transformación.

Non se creou un consorcio ou un ente análogo coa participación das distintas administracións implicadas; non houbo avances na condonación da débeda do Porto ou solucións financeiras análogas que eviten que esa débeda represente unha hipoteca, non só para o Porto, senón para a propia cidade; e tampouco houbo avances á hora de elaborar unha proposta de ordenación de usos e urbanística dos terreos do Porto que substitúan a prevista no PXOM. Por exemplo, estes días é noticia que o Consello de Administración do Porto aprobou a solicitude de concesión da Fundación Marta Ortega durante seis anos prorrogábeis outros tres para dotar o peirao de Batería dun espazo expositivo.

**Ás once horas e vinte e dous minutos entran no Salón de Sesións os señores Mora do Campo e Díaz Gallego.**

Non cuestionamos que as actividades expositivas, como as organizadas pola Fundación Marta Ortega, podan dar vida e ser un elemento de dinamización desta

*necesario desarrollar la economía azul promoviendo el establecimiento de industria innovadora vinculada a la economía del mar, y también parece haber consenso en que los espacios liberados de actividades portuarias son una oportunidad para diseñar la Coruña del futuro, resolviendo la integración puerto-ciudad, ampliando zonas verdes, creando zonas de ocio, dotaciones, equipamientos públicos y resolviendo necesidades de movilidad a escala metropolitana, por ejemplo, impulsando la creación de un intercambiador de transporte marítimo-terrestre que incluya el aprovechamiento del tendido ferroviario existente para poner en marcha servicios de tren de proximidad, pero la realidad es que todo esto a día de hoy no se concretó en los pasos necesarios para impulsar esta transformación.*

*No se creó un consorcio o un ente análogo con la participación de las distintas administraciones implicadas; no hubo avances en la condonación de la deuda del Puerto o soluciones financieras análogas que eviten que esa deuda represente una hipoteca, no solo para el Puerto, sino para la propia ciudad; y tampoco hubo avances a la hora de elaborar una propuesta de ordenación de usos y urbanística de los terrenos del Puerto que sustituyan la prevista en el PGOM. Por ejemplo, estos días es noticia que el Consejo de Administración del Puerto aprobó la solicitud de concesión de la Fundación Marta Ortega durante seis años prorrogables otros tres para dotar al muelle de Batería de un espacio expositivo.*

***A las once horas y veintidós minutos entran en el Salón de Sesiones los señores Mora do Campo y Díaz Gallego.***

*No cuestionamos que las actividades expositivas, como las organizadas por la Fundación Marta Ortega, puedan dar vida y ser un elemento de dinamización de esta*

área portuaria, pero ó noso xuízo é imprescindíbel definir os usos e a ordenación urbanística destes peiraos e do conxunto do ámbito portuario para que estes non se vexan condicionados por decisións de facto. Por exemplo, parece evidente que os peiraos de Batería e Calvo Sotelo deberían estar destinados preferentemente a espazos libres e zonas verdes, creando un grande parque urbano que integre os Xardíns de Méndez Núñez como se contemplaba, por exemplo, na proposta elaborada por un equipo da Universidade da Coruña por encargo do propio Concello.

*área portuaria, pero a nuestro juicio es imprescindible definir los usos y la ordenación urbanística de estos muelles y del conjunto del ámbito portuario para que estos no se vean condicionados por decisiones de facto. Por ejemplo, parece evidente que los muelles de Batería y Calvo Sotelo deberían estar destinados preferentemente a espacios libres y zonas verdes, creando un gran parque urbano que integre los Jardines de Méndez Núñez como se contemplaba, por ejemplo, en la propuesta elaborada por un equipo de la Universidade da Coruña bajo encargo del propio Ayuntamiento.*

Por iso cremos que urxe elaborar unha proposta de ordenación deste ámbito e tamén da área de San Diego, do mesmo xeito que entendemos que hai que dotar a cidadanía de canles de participación porque estamos a falar da Coruña do futuro e iso nos compete a todos e todas.

*Por eso creemos que urge elaborar una propuesta de ordenación de este ámbito y también del área de San Diego, al igual que entendemos que hay que dotar a la ciudadanía de canales de participación porque estamos hablando de A Coruña del futuro y eso nos compete a todos y todas.*

Polas razóns devanditas solicitamos o voto favorábel a esta moción. Moitas grazas.

*Por las razones dichas solicitamos el voto favorable a esta moción. Muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señor Jorquera.

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

Poden saír os concelleiros e concelleiras que o solicitaron.

*Pueden salir los concejales y concejalas que lo solicitaron.*

**Ás once horas e vinte e tres minutos saen do Salón de Sesións as señoras Díaz Vázquez e Canosa Domínguez, e o señor Vázquez Martínez.**

***A las once horas y veintitrés minutos salen del Salón de Sesiones las señoras Díaz Vázquez y Canosa Domínguez, y el señor Vázquez Martínez.***

E continuamos o debate co Partido Popular. Señor Lorenzo.

*Y continuamos el debate con el Partido Popular. Señor Lorenzo.*

***<u>Señor Lorenzo Torres</u>***

**<u>Señor Lorenzo Torres</u>**

*Grazas, señora alcaldesa. Bo día a todos e a todas.*

Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos y a todas.

*Estou totalmente de acordo con vostede,*

Estoy totalmente de acuerdo con usted,

*señor Jorquera, con esta moción que trae hoxe a Pleno, pero permítame que lle faga unha pequena censura. Vostede é o presidente da Comisión municipal de desenvolvemento do porto, da fachada marítima, e neste ano só nos reunimos unha vez. Eu creo que deberiamos ser máis áxiles, se estamos a falar do futuro da cidade, debería vostede polo menos convocarnos máis veces, sobre todo para ter coñecemento, para ter coñecemento do que está a facer este concello, este goberno municipal, respecto a este tema, porque nós sempre nos queixamos da falta de diálogo que ten este goberno municipal. Hoxe tivemos neste pleno un claro exemplo, non? no tema de Pocomaco. A nós en ningún momento se nos puxo en contacto o Goberno.*

señor Jorquera, con esta moción que trae hoy a Pleno, pero permítame que le haga una pequeña censura. Usted es el presidente de la Comisión municipal de desarrollo del puerto, de la fachada marítima, y en este año solo nos hemos reunido una vez. Yo creo que deberíamos ser más ágiles, si estamos hablando del futuro de la ciudad, debería usted al menos convocarnos más veces, sobre todo para tener conocimiento, para tener conocimiento de lo que está haciendo este concello, este gobierno municipal, respecto a este tema, porque nosotros siempre nos quejamos de la falta de diálogo que tiene este gobierno municipal. Hoy hemos tenido en este pleno un claro ejemplo ¿no? en el tema de Pocomaco. A nosotros en ningún momento se nos ha puesto en contacto el Gobierno.

*Eu non sei se vostedes falaron cos seus socios de goberno, que son os do Bloque, pero non somos nós responsables que non se aprobe un expediente que é unha chapuza e, sobre todo, que haxa reparos por parte dos interventor e sobre todo que non houbese diálogo, nin coa oposición nin, por suposto, tamén coa Xunta de Propietarios de Pocomaco.*

Yo no sé si ustedes hablaron con sus socios de gobierno, que son los del Bloque, pero no somos nosotros responsables que no se apruebe un expediente que es una chapuza y, sobre todo, que haya reparos por parte de los interventor y sobre todo que no haya habido diálogo, ni con la oposición ni, por supuesto, también con la Junta de Propietarios de Pocomaco.

*Entón, eu creo que isto, de verdade, botarlle a culpa aos de en fronte da falta de capacidade que teñen vostedes de negociar e de resolver os problemas desta cidade, non me parece de recibo. Pero é bo, xa digo, é bo que se manteña ese diálogo co porto. Estou totalmente de acordo con vostede en temas que eu creo que xa non admiten discusión e que son admitidos por todos: que no porto os terreos teñen que ser públicos; que fai falta desenvolver os usos; que hai que respectar eses usos portuarios que aínda ten o porto; que é moi importante ese consorcio; que tamén é moi importante abrir tamén o diálogo á cidadanía e aos expertos, que nos iluminen e nos informen sobre todo de que é o que*

Entonces, yo creo que esto, de verdad, echarle la culpa a los de enfrente de la falta de capacidad que tienen ustedes de negociar y de resolver los problemas de esta ciudad, no me parece de recibo. Pero es bueno, ya digo, es bueno que se mantenga ese diálogo con el puerto. Estoy totalmente de acuerdo con usted en temas que yo creo que ya no admiten discusión y que son admitidos por todos: que en el puerto los terrenos tienen que ser públicos; que hace falta desarrollar los usos; que hay que respetar esos usos portuarios que aún tiene el puerto; que es muy importante ese consorcio; que también es muy importante abrir también el diálogo a la ciudadanía y a los expertos, que nos iluminen y nos informen sobre todo de qué es lo que

*queremos facer ou que é o que quere a sociedade que se faga no porto, porque eu creo que é o maior proxecto de futuro que ten esta cidade.*

*Por suposto que todas estas cousas hai que facelas sen pausa, pero sen présa tamén porque non creo que sexa de recibo apurarse ou ter precipitación nestes temas, pero como di o outro, hai que facelo con boa letra porque estamos a decidir, sobre todo, e temos unha oportunidade única de que enmarcará o futuro da nosa cidade.*

*Tamén, por suposto, alégrame que recolla na súa moción unha das propostas que nós levabamos no programa, que era unir, elevar a Mariña á praza de Ourense e crear uns xardíns soterrando o tráfico e propoñendo un acordo con todas as demais administracións. Por suposto, eu creo que o Partido Popular foi o único que no seu momento, cando houbo as eleccións municipais, levabamos no noso programa un proxecto respecto ao porto, pero temos que ser realistas e partimos de dúas mochilas, dúas mochilas que vostede xa algo falou delas. Por unha banda os convenios do 2004 están aí, hai que renegocialos. Estou totalmente de acordo con vostede que xa non se corresponden coa realidade actual que ten esta cidade, pero é importante renegocialos, e quizais isto vai unido a outro tema que tamén vostede falou, señor Jorquera, que é o financiamento.*

**Ás once horas e vinte e seis minutos entran no Salón de Sesións as señoras Díaz Vázquez, Canosa Domínguez e Neira Fernández, e o señor Vázquez Martínez.**

*O tema da débeda do Porto. Estamos a falar de case 300 millóns de euros, 286 millóns, creo lembrar. Aquí aprobouse varias veces mocións para pedir a*

queremos hacer o qué es lo que quiere la sociedad que se haga en el puerto, porque yo creo que es el mayor proyecto de futuro que tiene esta ciudad.

Por supuesto que todas estas cosas hay que hacerlas sin pausa, pero sin prisa también porque no creo que sea de recibo apurarse o tener precipitación en estos temas, pero como dice el otro, hay que hacerlo con buena letra porque estamos decidiendo, sobre todo, y tenemos una oportunidad única de que enmarcará el futuro de nuestra ciudad.

También, por supuesto, me alegra que recoja en su moción una de las propuestas que nosotros llevábamos en el programa, que era unir, elevar la Marina a la plaza de Orense y crear unos jardines soterrando el tráfico y proponiendo un acuerdo con todas las demás administraciones. Por supuesto, yo creo que el Partido Popular fue el único que en su momento, cuando hubo las elecciones municipales, llevábamos en nuestro programa un proyecto respecto al puerto, pero tenemos que ser realistas y partimos de dos mochilas, dos mochilas que usted ya algo ha hablado de ellas. Por un lado los convenios del 2004 están ahí, hay que renegociarlos. Estoy totalmente de acuerdo con usted que ya no se corresponden con la realidad actual que tiene esta ciudad, pero es importante renegociarlos, y quizás esto va unido a otro tema que también usted habló, señor Jorquera, que es la financiación.

***A las once horas y veintiséis minutos entran en el Salón de Sesiones las señoras Díaz Vázquez, Canosa Domínguez y Neira Fernández, y el señor Vázquez Martínez.***

El tema de la deuda del Puerto. Estamos hablando de casi 300 millones de euros, 286 millones, creo recordar. Aquí se ha aprobado varias veces mociones para pedir

*condonación desa débeda ou unha medida similar, non? e isto, por suposto, supoñería, se se conseguise por parte deste goberno municipal do Partido Socialista, que tamén goberna en Madrid, se conseguise do mesmo xeito que se conseguiu en Valencia, pois esta condonación, solucionaríanse moitos problemas.*

*E outra das mochilas que temos eu creo que é o liderado* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)***, claro, porque a alcaldesa, que debería ser a que exercería o liderado nesta cidade e neste tema, non o fixo ata o día de hoxe e sobre todo perdeu credibilidade porque faltou á súa palabra, propuxo acordos que despois non cumpriu.*

*Hoxe falábase que esta cidade ía coller ritmo de velocidade de cruceiro. Eu podo falar do pasado e do presente, e do futuro. No 2004 falabamos do futuro, no 2024 falamos do pasado e estamos a xestionar o presente do que antes era futuro, e vemos como se está xestionando nesta cidade. Esa velocidade de cruceiro non se onde a ve o señor Lage. Na Cidade das Tic aprobamos a sociedade, ata o día de hoxe está sen crear, está o modelo sen definir, non hai plan director. A Aesia algo máis do mesmo, moito anuncio. Nostián, deportes, bus urbano, estamos a falar de concesións* **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** *caducadas, que non se tramitaron, a día de hoxe anos e anos de concesións caducadas, e esa é a velocidade de cruceiro da que vostede fala.*

*Mire, a velocidade de cruceiro só a hai nas licenzas urbanísticas cando se lle corresponde a vostede cambiar a licenza dun uso dunha vivenda da súa propiedade ou cando se lle corresponde a vostede facer obras sen licenza. Aí si*

la condonación de esa deuda o una medida similar, ¿no? y esto, por supuesto, supondría, si se consiguiera por parte de este gobierno municipal del Partido Socialista, que también gobierna en Madrid, si consiguiera al igual que se consiguió en Valencia, pues esta condonación, se solucionarían muchos problemas.

Y otra de las mochilas que tenemos yo creo que es el liderazgo ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)***, claro, porque la alcaldesa, que debería ser la que ejercería el liderazgo en esta ciudad y en este tema, no lo ha hecho hasta el día de hoy y sobre todo ha perdido credibilidad porque ha faltado a su palabra, ha propuesto acuerdos que después no ha cumplido.

Hoy se hablaba que esta ciudad iba a coger ritmo de velocidad de crucero. Yo puedo hablar del pasado y del presente, y del futuro. En el 2004 hablábamos del futuro, en el 2024 hablamos del pasado y estamos gestionando el presente de lo que antes era futuro, y vemos cómo se está gestionando en esta ciudad. Esa velocidad de crucero no sé dónde la ve el señor Lage. En la Ciudad de las Tic hemos aprobado la sociedad, hasta el día de hoy está sin crear, está el modelo sin definir, no hay plan director. La Aesia algo más de lo mismo, mucho anuncio. Nostián, deportes, bus urbano, estamos hablando de concesiones ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** caducadas, que no se han tramitado, a día de hoy años y años de concesiones caducadas, y esa es la velocidad de crucero de la que usted habla.

Mire, la velocidad de crucero solo la hay en las licencias urbanísticas cuando se le corresponde a usted cambiar la licencia de un uso de una vivienda de su propiedad o cuando se le corresponde a usted hacer obras sin licencia. Ahí sí que utiliza usted

*que utiliza vostede esa velocidade de cruceiro que non utilizan vostedes para gobernar esta cidade.*

esa velocidad de crucero que no utilizan ustedes para gobernar esta ciudad.

*Xa digo, o futuro depende do que fagamos...*

Ya digo, el futuro depende de lo que hagamos...

**Presidencia**

***Presidencia***

Terminou, señor Lorenzo, o seu turno. Leva dous...

*Terminó, señor Lorenzo, su turno. Lleva dos...*

***Señor Lorenzo Torres***

**Señor Lorenzo Torres**

*Termino xa... si.*

Termino ya... sí.

**Presidencia**

***Presidencia***

...minutos e medio de máis, terminou o turno.

*...minutos y medio de más, terminó el turno.*

*Señor Lorenzo Torres*

**Señor Lorenzo Torres**

*Si... se me deixa terminar...*

Sí... si me deja terminar...

**Presidencia**

***Presidencia***

Turno para o señor Lage por parte do Goberno municipal.

*Turno para el señor Lage por parte del Gobierno municipal.*

***Señor Lorenzo Torres***

**Señor Lorenzo Torres**

*Grazas, señora alcaldesa.*

Gracias, señora alcaldesa.

**Señor Lage Tuñas**

***Señor Lage Tuñas***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Señor Jorquera, a posición que imos a manter nesta moción é a mesma posición que levamos mantendo dende que estamos nesta corporación municipal, que é a dun voto favorable, e polo tanto podemos coincidir tanto co fondo que manifesta como coas propostas que pon na parte resolutiva, comezando pola propia condonación da débeda, como vostede xa sabe.

*Señor Jorquera, la posición que vamos a mantener en esta moción es la misma posición que llevamos manteniendo desde que estamos en esta corporación municipal, que es la de un voto favorable, y por lo tanto podemos coincidir tanto con el fondo que manifiesta como con las propuestas que pone en la parte resolutiva, comenzando por la propia condonación de la deuda, como usted ya sabe.*

Creo que é importante facer unha reflexión sobre a integración dos terreos portuarios, unha reflexión baseada nunha evidencia que debe de ser, non obstante, destacada. É dicir, o marco de debate sobre o futuro dos peiraos interiores non ten nada que ver hoxe co marco de debate que había fai cinco, seis anos, e desde logo ten pouco que ver co 2004. Hoxe ninguén fala de se se vende ou non, antes pedíase a apertura dos peiraos que foron quedando sen actividade. Hoxe o que xa ninguén propón é pechalos. Son milleiros de coruñeses e coruñesas que pasean por Batería, que acoden a concertos alí ou que visitan as excelentes exposicións organizadas pola Fundación MOP. Van pola terceira, se non recordo mal.

*Creo que es importante hacer una reflexión sobre la integración de los terrenos portuarios, una reflexión basada en una evidencia que debe de ser, no obstante, destacada. Es decir, el marco de debate sobre el futuro de los muelles interiores no tiene nada que ver hoy con el marco de debate que había hace cinco, seis años, y desde luego tiene poco que ver con el 2004. Hoy nadie habla de si se vende o no, antes se pedía la apertura de los muelles que fueron quedando sin actividad. Hoy lo que ya nadie propone es cerrarlos. Son miles de coruñeses y coruñesas que pasean por Batería, que acuden a conciertos allí o que visitan las excelentes exposiciones organizadas por la Fundación MOP. Van por la tercera, si no recuerdo mal.*

Conto todo isto porque entre o marco de debate anterior e o actual hai algo moi sinxelo de entender e é o 2019 e a chegada de Inés Rey á Alcaldía. Pode gustar ou non gustar, pero é un feito. Dende 2004 ata a entrada deste goberno municipal puidéronse facer moitas maquetas, moitas disquisicións, discutir se había convenios vixentes ou non, pero desde logo non se deran pasos. Como con outros asuntos, aínda que lles fastidie ou non lles guste.

*Cuento todo esto porque entre el marco de debate anterior y el actual hay algo muy sencillo de entender y es el 2019 y la llegada de Inés Rey a la Alcaldía. Puede gustar o no gustar, pero es un hecho. Desde 2004 hasta la entrada de este gobierno municipal se pudieron hacer muchas maquetas, muchas disquisiciones, discutir si había convenios vigentes o no, pero desde luego no se habían dado pasos. Como con otros asuntos, aunque les fastidie o no les guste.*

Poderíamos estar falando de moitos asuntos, pero quero recordar que a obra do tren a Punta Langosteira non estivo en marcha ata que chegou Inés Rey á Alcaldía. Sen tren non teríamos garantido o traslado da actividade do porto interior ó porto exterior, salvo que alguén diga que se podía facer doutro xeito. Para ese tren houbo que facer un investimento creo que bastante destacable, investimento que ninguén conseguira ata a data e foi con esta alcaldesa e con este goberno. Hoxe xa non fai falta destacar moito con respecto ós convenios de 2004, pero si quero dicir que esos convenios están superados. Son convenios superados e que para este goberno non

*Podríamos estar hablando de muchos asuntos, pero quiero recordar que la obra del tren a Punta Langosteira no estuvo en marcha hasta que llegó Inés Rey a la Alcaldía. Sin tren no tendríamos garantizado el traslado de la actividad del puerto interior al puerto exterior, salvo que alguien diga que se podía hacer de otro modo. Para ese tren hubo que hacer una inversión creo que bastante destacable, inversión que nadie había conseguido hasta la fecha y fue con esta alcaldesa y con este gobierno. Hoy ya no hace falta destacar mucho con respecto a los convenios de 2004, pero sí quiero decir que esos convenios están superados. Son convenios superados y que para este*

están vixentes.

Hoxe estamos a falar do futuro inmediato, falamos del con ilusión, sabendo que os peiraos interiores máis pronto que tarde serán unha parte máis integrada nesta cidade, e é máis, é máis, a persoa a cal lle encargou a alcaldesa falar coas diferentes administracións e facer un traballo previo, teño que decirlles que estamos traballando de forma rigurosa, de forma sosegada, pero con pasos firmes. Así llo trasladei en nome da alcaldesa na Comisión da Fachada Marítima que convocou o señor Jorquera e nesos plazos nos movemos. Dende o mes de setembro ata hoxe se teñen dado pasos firmes. Eu non sei se quen está noutras administracións falan coas persoas que están neste salón de plenos, o que si lles podo decir é que baixo o liderazgo de Inés Rey esta cidade vai a dar un impulso e un cambio notable coas decisións que se van a tomar. Debería ser algo que nos incumbira a todos e do que todos estivéramos satisfeitos, que se faga con prudencia, con discreción, con rigor, buscando o máximo consenso e buscando o acordo entre o Estado, a Xunta de Galicia, a Autoridade Portuaria e o Concello, creo que é algo no que deberiamos estar todos de acordo.

Nese sentido **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —e remato, señora alcaldesa—, nese sentido repito o que xa dixen. O Goberno está comprometido con que a cidade poida aproveitar ese espacio dos peiraos interiores e haxa unha integración plena. Creo que será unha cidade que non terá nada que ver nos próximos 50 ou 75 anos. Se fala de moitos modelos, todos referenciables. Vamos a intentar construílo entre todos e todas, ese é o compromiso.

Polo tanto, agardo que máis pronto que tarde e nas vindeiras semanas a nosa

*gobierno no están vigentes.*

*Hoy estamos hablando del futuro inmediato, hablamos de él con ilusión, sabiendo que los muelles interiores más pronto que tarde serán una parte más integrada en esta ciudad, y es más, es más, la persona a cual le encargó la alcaldesa hablar con las diferentes administraciones y hacer un trabajo previo, tengo que decirles que estamos trabajando de forma rigurosa, de forma sosegada, pero con pasos firmes. Así se lo trasladé en nombre de la alcaldesa en la Comisión de la Fachada Marítima que convocó el señor Jorquera y en esos plazos nos movemos. Desde el mes de septiembre hasta hoy se han dado pasos firmes. Yo no sé se quien está en otras administraciones hablan con las personas que están en este salón de plenos, lo que sí les puedo decir es que bajo el liderazgo de Inés Rey esta ciudad va a dar un impulso y un cambio notable con las decisiones que se van a tomar. Debería ser algo que nos incumbiera a todos y de lo que todos estuviéramos satisfechos, que se haga con prudencia, con discreción, con rigor, buscando el máximo consenso y buscando el acuerdo entre el Estado, la Xunta de Galicia, la Autoridad Portuaria y el Ayuntamiento, creo que es algo en lo que deberíamos estar todos de acuerdo.*

*En ese sentido* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *—y finalizo, señora alcaldesa—, en ese sentido repito lo que ya dije. El Gobierno está comprometido con que la ciudad pueda aprovechar ese espacio de los muelles interiores y haya una integración plena. Creo que será una ciudad que no tendrá nada que ver en los próximos 50 o 75 años. Se habla de muchos modelos, todos referenciables. Vamos a intentar construirlo entre todos y todas, ese es el compromiso.*

*Por lo tanto, espero que más pronto que tarde y en las próximas semanas nuestra*

alcaldesa poida, igual que fixo co tren a Punta Langosteira, igual que se fixo con outras intervencións que se desbloquearon... Quero recordar que a estación intermodal foi desbloqueada por esta alcaldesa e os coruñeses neste mandato imos a poder desfrutar dunha estación intermodal. Non foi posible con outros gobernos **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** —remato—. Creo que neste momento estamos diante do principal asunto estratéxico da cidade e creo que debemos de construílo entre todos. Eso é o que estamos a facer co Estado e coa Comunidade Autónoma.

*alcaldesa pueda, igual que hizo con el tren a Punta Langosteira, igual que se hizo con otras intervenciones que se desbloquearon... Quiero recordar que la estación intermodal fue desbloqueada por esta alcaldesa y los coruñeses en este mandato vamos a poder disfrutar de una estación intermodal. No fue posible con otros gobiernos* ***(se oyen dos señales acústicas indicativos de la finalización del tiempo de intervención)*** *—finalizo—. Creo que en este momento estamos ante el principal asunto estratégico de la ciudad y creo que debemos de construirlo entre todos. Eso es lo que estamos haciendo con el Estado y con la Comunidad Autónoma.*

Agardo que se alguén non se enterou neste salón de plenos se vaia enterando.

*Espero que se alguien no se enteró en este salón de plenos se vaya enterando.*

Nada máis e moitas grazas.

*Nada más y muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Procedemos á votación desta moción.

*Procedemos a la votación de esta moción.*

**Votación da primeira moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego**

***Votación de la primera moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o futuro dos terreos do porto interior da Coruña, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el futuro de los terrenos del puerto interior de A Coruña, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (PP) (12 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (PP) (12 votos).*

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).*

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).*

**Presidencia**

Moitas grazas. Queda aprobada por unanimidade.

**55. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o futuro dos terreos do porto interior da Coruña.**

**Acordo**

1. Instar o Goberno Municipal a iniciar os trámites para a revisión do Convenio de 2004 relativo ao Porto e para a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que permite uns aproveitamentos urbanísticos e terciarios en terreos portuarios que en absoluto se corresponden coas necesidades da Coruña de hoxe.

2. Instar o Goberno Municipal a impulsar a constitución dun consorcio, ou ente análogo, coa participación das distintas administracións e entes implicados para acometer a transformación dos terreos do porto interior, mantendo sempre a súa titularidade pública.

3. Artellar fórmulas de participación cidadán na definición do futuro dos terreos do porto interior. Con tal fin:

3.1 Darlle impulso á Comisión Especial da Fachada Marítima, contemplando a comparecencia na mesma de persoas expertas e representantes de entidades cidadás e institucións para que poidan trasladar as súas achegas e visións.

3.2 Promover xornadas ou foros de participación abertos a entidades representativas.

4. Esixir a condonación da débeda contraída polo Porto da Coruña con

***Presidencia***

*Muchas gracias. Queda aprobada por unanimidad.*

***55. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el futuro de los terrenos del puerto interior de A Coruña.***

***Acuerdo***

*1. Instar al Gobierno Municipal a iniciar los trámites para la revisión del Convenio de 2004 relativo al Puerto y para la modificación del Plan General de Ordenación Municipal, que permite unos aprovechamientos urbanísticos y terciarios en terrenos portuarios que en absoluto se corresponden con las necesidades de A Coruña de hoy.*

*2. Instar al Gobierno Municipal a impulsar la constitución de un consorcio, o ente análogo, con la participación de las distintas administraciones y entes implicados para acometer la transformación de los terrenos del puerto interior, manteniendo siempre su titularidad pública.*

*3. Articular fórmulas de participación ciudadana en la definición del futuro de los terrenos del puerto interior. Con tal fin:*

*3.1 Darle impulso a la Comisión Especial de la Fachada Marítima, contemplando la comparecencia en la misma de personas expertas y representantes de entidades ciudadanas e instituciones para que puedan trasladar sus aportaciones y visiones.*

*3.2 Promover jornadas o foros de participación abiertos a entidades representativas.*

*4. Exigir la condonación de la deuda contraída por Puerto de A Coruña con*

Portos de Estado pola construción do porto exterior ou outras solucións financeiras que en ningún caso representen unha hipoteca para o futuro da cidade, nin unha desigualdade de trato a respecto das solucións dadas noutros portos de interese xeral.

*Puertos de Estado por la construcción del puerto exterior u otras soluciones financieras que en ningún caso representen una hipoteca para el futuro de la ciudad, ni una desigualdad de trato con respecto de las soluciones dadas en otros puertos de interés general.*

**Segunda. Moción sobre vivenda.**

***Segunda. Moción sobre vivienda.***

**Sobre esta moción consta presentada unha emenda de substitución do Grupo municipal do Partido Popular.**

***Sobre esta moción consta presentada una enmienda de sustitución del Grupo municipal del Partido Popular.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Pasamos á segunda moción do Bloque Nacionalista Galego sobre vivenda á que consta unha emenda de substitución do Grupo Popular.

*Pasamos a la segunda moción del Bloque Nacionalista Galego sobre vivienda a la que consta una enmienda de sustitución del Grupo Popular.*

Señora Veira, ten a palabra.

*Señora Veira, tiene la palabra.*

**Ás once horas e trinta e cinco minutos sae do Salón de Sesións a señora Sobral Cabanas.**

***A las once horas y treinta y cinco minutos sale del Salón de Sesiones la señora Sobral Cabanas.***

**Señora Veira González**

***Señora Veira González***

Si, grazas, señora alcaldesa.

*Sí, gracias, señora alcaldesa.*

Ben, esta moción traémola a Pleno porque desde o BNG estamos moi preocupadas pola situación que están a vivir as coruñesas e os coruñeses.

*Bien, esta moción la traemos a Pleno porque desde el BNG estamos muy preocupadas por la situación que están viviendo las coruñesas y los coruñeses.*

As persoas que queren atopar unha vivenda en aluguer na nosa cidade, cada día o teñen máis complicado. En moitos casos o que se atopan son condicións abusivas e ilegais para poder acceder ós pisos. O cobro dos gastos da inmobiliaria, a petición do depósito de varios meses no canto do que exixe a lei, a exclusión de determinados tipos de persoas ou de familias con menores fan imposíbel alugar un piso na nosa cidade. Por desgraza, estamos a observar como o problema para poder pagar un alugueiro

*Las personas que quieren encontrar una vivienda en alquiler en nuestra ciudad, cada día lo tienen más complicado. En muchos casos lo que se encuentran son condiciones abusivas e ilegales para poder acceder a los pisos. El cobro de los gastos de la inmobiliaria, la petición del depósito de varios meses en vez del que exige la ley, la exclusión de determinados tipos de personas o de familias con menores hacen imposible alquilar un piso en nuestra ciudad. Por desgracia, estamos observando cómo el problema para poder*

implica moitos sectores da poboación. Xa non só se trata da imposibilidade de que a nosa mocidade poida desenvolver as súas vidas de xeito autónomo, senón que tamén as familias con fillos e as persoas máis vellas están a padecer o aumento do prezo do aluguer e tamén as exixencias fóra da lexislación por parte dos propietarios. A xente ó final vive nunha situación de absoluto desamparo por descoñecer se as exixencias das persoas que alugan os pisos son legais ou non, ou de como se pode defender ante iso.

*pagar un alquiler implica a muchos sectores de la población. Ya no solo se trata de la imposibilidad de que nuestra juventud pueda desarrollar sus vidas de manera autónoma, sino que también las familias con hijos y las personas más viejas están padeciendo el aumento del precio del alquiler y también las exigencias fuera de la legislación por parte de los propietarios. La gente al final vive en una situación de absoluto desamparo por desconocer si las exigencias de las personas que alquilan los pisos son legales o no, o de cómo se puede defender ante eso.*

Conscientes desta situación, desde o BNG levamos tempo propoñendo que o Concello da Coruña promova que na Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades se cree un servizo de asesoramento a inquilinos. Esta proposta trasladámola no acordo de investidura para que se realizase no curto prazo, ou sexa, nos seis primeiros meses de mandato, e que como non se cumpriu, volvemos recoller no acordo de orzamentos.

*Conscientes de esta situación, desde el BNG llevamos tiempo proponiendo que el Ayuntamiento de A Coruña promueva que en la Empresa Municipal de Vivienda, Servicios y Actividades se cree un servicio de asesoramiento a inquilinos. Esta propuesta la trasladamos en el acuerdo de investidura para que se realizara en el corto plazo, o sea, en los seis primeros meses de mandato, y que como no se cumplió, volvemos a recoger en el acuerdo de presupuestos.*

Catro meses despois de estar en vixencia estes orzamentos, o certo é que non se puxo a andar este servizo de asesoramento a inquilinos.

*Cuatro meses después de estar en vigencia estos presupuestos, lo cierto es que no se puso a andar este servicio de asesoramiento a inquilinos.*

O certo é que ademais de este servizo de asesoramento a inquilinos, na Coruña consideramos que é moi importante que teñamos unha ferramenta que nos indique como está a propia vivenda na nosa cidade, a situación física das vivendas, a cantidade de vivendas baleiras que hai na Coruña, onde se atoparían esas bolsas de vivenda baleira, se teñen ou non problemas de accesibilidade, se precisan ou non rehabilitación, son cuestións que temos que coñecer, que teñen que analizarse nun estudo do parque inmobiliario da cidade que poida despois, con posterioridade, pois axudar a que se impulsen as medidas máis efectivas para

*Lo cierto es que además de este servicio de asesoramiento a inquilinos, en A Coruña consideramos que es muy importante que tengamos una herramienta que nos indique cómo está la propia vivienda en nuestra ciudad, la situación física de las viviendas, la cantidad de viviendas vacías que hay en A Coruña, dónde se encontrarían esas bolsas de vivienda vacía, si tienen o no problemas de accesibilidad, si precisan o no rehabilitación, son cuestiones que tenemos que conocer, que tienen que analizarse en un estudio del parque inmobiliario de la ciudad que pueda después, con posterioridad, pues ayudar la que se impulsen las medidas más efectivas*

mellorar a calidade do parque inmobiliario que hai na nosa cidade e facilitar tamén a súa mobilización, porque tamén temos que coñecer por que están dese xeito, non?, por que están baleiras esas vivendas.

*para mejorar la calidad del parque inmobiliario que hay en nuestra ciudad y facilitar también su movilización, porque también tenemos que conocer por qué están de esa manera, ¿no?, por qué están vacías esas viviendas.*

Nós entendemos que o estudo que se presentou no pasado mandato quedou obsoleto e quedou obsoleto porque houbo un bum das vivendas turísticas na nosa cidade e este é ademais outro dos factores que entendemos que adultera o mercado da vivenda na Coruña de maneira moi incisiva.

*Nosotros entendemos que el estudio que se presentó en el pasado mandato se quedó obsoleto y se quedó obsoleto porque hubo un bum de las viviendas turísticas en nuestra ciudad y este es además otro de los factores que entendemos que adultera el mercado de la vivienda en A Coruña de manera muy incisiva.*

Nós cremos que xa se agotaron todos os prazos que se dera o Goberno municipal para isto. Teño que recordar que en xaneiro deste mesmo ano preguntamos sobre esta cuestión e que o Goberno municipal o que dixo é que o traballo que se estaba realizando na Mesa con todos os membros e os pasos que se estaban dando nesta materia culminarían nos próximos meses. Catro meses despois **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** aínda non sabemos cal é a proposta que ten o Goberno de Inés Rey para..., pois para darlle unha regulación, non?, ás vivendas de uso turístico na nosa cidade.

*Nosotros creemos que ya se agotaron todos los plazos que se había dado el Gobierno municipal para esto. Tengo que recordar que en enero de este mismo año preguntamos sobre esta cuestión y que el Gobierno municipal lo que dijo es que el trabajo que se estaba realizando en la Mesa con todos los miembros y los pasos que se estaban dando en esta materia culminarían en los próximos meses. Cuatro meses después* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *aun no sabemos cuál es la propuesta que tiene el Gobierno de Inés Rey para..., pues para darle una regulación, ¿no?, a las viviendas de uso turístico en nuestra ciudad.*

**Ás once horas e trinta e oito minutos entra no Salón de Sesións a señora Sobral Cabanas.**

***A las once horas y treinta y ocho minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Sobral Cabanas.***

Por iso propoñemos estas tres cuestións sobre as que fixen fincapé e quero simplemente dicir que non imos aceptar a emenda do Partido Popular por varias cuestións. Porque, en primeiro lugar, fala de traer a Pleno unha proposta de regulación das vivendas de uso turístico pero que sexa consensuada co sector. Nós pensamos que terá que falarse co sector, non negamos que haxa que dialogar co sector, pero en todo caso hai un dereito,

*Por eso proponemos estas tres cuestiones sobre las que hice hincapié y quiero simplemente decir que no vamos a aceptar la enmienda del Partido Popular por varias cuestiones. Porque, en primer lugar, habla de traer a Pleno una propuesta de regulación de las viviendas de uso turístico pero que sea consensuada con el sector. Nosotros creemos que tendrá que hablarse con el sector, no negamos que haya que dialogar con el sector, pero en todo caso*

que é o dereito de acceso á vivenda e hai unha cousa tamén que se chama PXOM, etcétera, etcétera, que hai que cumprir e que hai que ter en conta, non?

*hay un derecho, que es el derecho de acceso a la vivienda y hay una cosa también que se llama PGOM, etcétera, etcétera, que hay que cumplir y que hay que tener en cuenta, ¿no?*

Despois fala de reforzar a seguridade xurídica dos propietarios dos inmobles ante a okupación e tolerancia cero desde a Administración local. Volven vostedes unha e outra vez a poñer sempre enriba da mesa o tema da okupación como se fose o principal problema de vivenda que hai na cidade da Coruña **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** —remato xa, señora alcaldesa—, cando ademais saben vostedes perfectamente que non é o Goberno municipal, que non é o Concello da Coruña quen ten que dar esa seguridade xurídica.

*Después habla de reforzar la seguridad jurídica de los propietarios de los inmuebles ante la okupación y tolerancia cero desde la Administración local. Vuelven ustedes una y otra vez a poner siempre encima de la mesa el tema de la okupación como se fuera el principal problema de vivienda que hay en la ciudad de A Coruña* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *—finalizo ya, señora alcaldesa—, cuando además saben ustedes perfectamente que no es el Gobierno municipal, que no es el Ayuntamiento de A Coruña quien tiene que dar esa seguridad jurídica.*

E despois, bueno, simplemente que manda narices que o Goberno..., que o Partido Popular que sosteña... que sostén, perdón, a Xunta de Galicia, veña aquí a propoñer cousas que non fai nin sequera desde o Goberno da Xunta de Galiza.

*Y después, bueno, simplemente que manda narices que el Gobierno..., que el Partido Popular que sostenga... que sostiene, perdón, a la Xunta de Galicia, venga aquí a proponer cosas que no hace ni siquiera desde el Gobierno de la Xunta de Galicia.*

Nada máis.

*Nada más.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señora Veira.

*Muchas gracias, señora Veira.*

Turno para o Partido Popular, señor Deus.

*Turno para el Partido Popular, señor Deus.*

**<u>Señor Deus Álvarez</u>**

***<u>Señor Deus Álvarez</u>***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Compartimos con vostedes a preocupación sobre a situación na que se atopa o mercado da vivenda na cidade, debido en gran medida á falta de políticas certeiras que afronten este problema.

*Compartimos con ustedes la preocupación sobre la situación en la que se encuentra el mercado de la vivienda en la ciudad, debido en gran medida a la falta de políticas certeras que afronten este problema.*

A nova Lei de Vivenda aprobada polo Goberno en maio de 2023 co apoio de Bildu e Esquerra Republicana, lonxe de traer un consenso máis que necesario neste sector, o que pretende é intervir o mercado inmobiliario intervindo os precios, non actuando frente ós tipos de okupación e obligando o arrendador a asumir máis gastos e aumentos de impostos. Esta lei non xenerou confianza, xenerando pola contra inestabilidade e dúbidas no mercado, e isto déixase notar tamén na exposición de motivos da súa moción, poñendo o foco en puntos que non son a raíz do problema.

*La nueva Ley de Vivienda aprobada por el Gobierno en mayo de 2023 con el apoyo de Bildu y Esquerra Republicana, lejos de traer un consenso más que necesario en este sector, lo que pretende es intervenir el mercado inmobiliario interviniendo los precios, no actuando frente a los tipos de okupación y obligando al arrendador a asumir más gastos y aumentos de impuestos. Esta ley no generó confianza, generando por el contrario inestabilidad y dudas en el mercado, y esto se deja notar también en la exposición de motivos de su moción, poniendo el foco en puntos que no son la raíz del problema.*

En primeiro lugar, sinalan vostedes os propietarios, na súa inmensa maioría pequenos propietarios que necesitan seguridade xurídica para poder destinar a súa vivenda ó alugueiro. Sinálalos..., sinalalos e facer políticas que van destinadas a perxudicarlles e facerlles responsables da situación do mercado da vivenda lévalles a tomar a decisión de preferir ter a vivenda baleira antes que arriscarse a que a súa propiedade convértase nun problema. Mentres vostedes seguen desenfocando o tema, a nosa cidade lidera a subida do prezo da vivenda no que vai de ano. Seguimos expulsando os mozos a municipios da área.

*En primer lugar, señalan ustedes a los propietarios, en su inmensa mayoría pequeños propietarios que necesitan seguridad jurídica para poder destinar su vivienda al alquiler. Los señala..., señalarlos y hacer políticas que van destinadas a perjudicarles y hacerles responsables de la situación del mercado de la vivienda les lleva a tomar la decisión de preferir tener la vivienda vacía antes que arriesgarse a que su propiedad se convierta en un problema. Mientras ustedes siguen desenfocando el tema, nuestra ciudad lidera la subida del precio de la vivienda en lo que va de año. Seguimos expulsando a los jóvenes a municipios del área.*

Nos últimos 9 anos o prezo do alugueiro incrementouse na cidade en máis dun 53 %. Os expertos dinos que existe un desequilibrio no mercado de alugueiro, xa que hai máis demandantes de vivenda en alugueiro que a oferta, ademais a oferta desta vivenda está en mínimos.

*En los últimos 9 años el precio del alquiler se incrementó en la ciudad en más de un 53 %. Los expertos nos dicen que existe un desequilibrio en el mercado de alquiler, ya que hay más demandantes de vivienda en alquiler que la oferta, además la oferta de esta vivienda está en mínimos.*

No mandato anterior a empresa municipal Emvsa realizou un estudio estadístico do parque inmobiliario na cidade e das demandas en materia de vivenda. Poñía o foco este estudio na detección das vivendas baleiras para realizar políticas

*En el mandato anterior la empresa municipal Emvsa realizó un estudio estadístico del parque inmobiliario en la ciudad y de las demandas en materia de vivienda. Ponía el foco este estudio en la detección de las viviendas vacías para*

públicas dirixidas á súa mobilización, así como seu estado, as instalacións e os problemas de accesibilidade. Dos dazanove mil douscentos ochenta e cinco mil inmobles baleiros, só o 11,58 % do parque total estaría en condicións de incorporarse a unha oferta de vivenda adecuada, ao rededor de 12.000 vivendas.

*realizar políticas públicas dirigidas a su movilización, así como su estado, las instalaciones y los problemas de accesibilidad. De los diecinueve mil doscientos ochenta y cinco mil inmuebles vacíos, solo el 11,58 % del parque total estaría en condiciones de incorporarse a una oferta de vivienda adecuada, al rededor de 12.000 viviendas.*

Sen dúbida, présa se deron na tramitación da licencia de obra para tapar en tempo récord todas as irregularidades cometidas por vostede, señor Lage, irregularidades que comenzan no momento que vostede asina unha compra dun local libre na notaría de Sarria e achega a esa escritura un certificado que falsea a realidade, no que se dicía que se trataba da compra dunha vivenda, unha vivenda que despois, por arte de maxia, transformaríase en dúas no Catastro. Vostede quería coller un atallo e saíulle mal. Vin o expediente e non hai por donde collelo, e vostede, señor Lage, non pode continuar sen asumir responsabilidades como se non pasase nada, porque si pasou.

*Sin duda, prisa se dieron en la tramitación de la licencia de obra para tapar en tiempo récord todas las irregularidades cometidas por usted, señor Lage, irregularidades que comienzan en el momento que usted firma una compra de un local libre en la notaría de Sarria y adjunta a esa escritura un certificado que falsea la realidad, en el que se decía que se trataba de la compra de una vivienda, una vivienda que después, por arte de magia, se transformaría en dos en el Catastro. Usted quería coger un atajo y le salió mal. Vi el expediente y no hay por donde cogerlo, y usted, señor Lage, no puede continuar sin asumir responsabilidades como si no pasara nada, porque sí pasó.*

Fronte a esto, voulles a dar un dato: ningún dos dez grandes polígonos residenciais incluídos no Plan Xeneral do 2013 púxose en marcha, co que se deixaron de construír aproximadamente 19.000 vivendas. Por suposto, unha porcentaxe delas de protección. Algo terán que ver as políticas municipais nestes dez últimos anos. Como esas políticas foron nefastas hai que atopar un culpable e atoparon o comodín das vivendas de uso turístico.

*Frente a esto, les voy a dar un dato: ninguno de los diez grandes polígonos residenciales incluidos en el Plan General de 2013 se puso en marcha, con lo que se dejaron de construir aproximadamente 19.000 viviendas. Por supuesto, un porcentaje de ellas de protección. Algo tendrán que ver las políticas municipales en estos diez últimos años. Como esas políticas fueron nefastas hay que encontrar un culpable y encontraron el comodín de las viviendas de uso turístico.*

A regulación das vivendas de uso turístico en España non existe. A Lei de Vivenda foi unha oportunidade perdida, sendo as comunidades autónomas as que establecen as súas propias condicións. En Galicia exíxese a inscrición no Rexistro de Empresas de Actividades Turísticas e

*La regulación de las viviendas de uso turístico en España no existe. La Ley de Vivienda fue una oportunidad perdida, siendo las comunidades autónomas las que establecen sus propias condiciones. En Galicia se exige la inscripción en el Registro de Empresas de Actividades*

condiciónase a súa inscrición a que non estea prohibido pola ordenación de usos ou polos estatutos da comunidade e non eximen o propietario do cumprimento das obrigacións de obter autorizacións, permisos e licencias tanto sectoriais como municipais.

*Turísticas y se condiciona su inscripción a que no esté prohibido por la ordenación de usos o por los estatutos de la comunidad y no eximen al propietario del cumplimiento de las obligaciones de obtener autorizaciones, permisos y licencias tanto sectoriales como municipales.*

Nós tamén cremos necesaria unha regulación, establecendo unhas ratios mesmo por barrios, pero dunha maneira consensuada e cun estudio serio da súa repercusión.

*Nosotros también creemos necesaria una regulación, estableciendo unas ratios incluso por barrios, pero de una manera consensuada y con un estudio serio de su repercusión.*

Como melloraríamos o mercado do alugueiro? Pois con as propostas que facíamos na emenda que presentábamos a maiores, dando garantías e seguridade ós propietarios para facer aflorar a vivenda baleira —máis do 95 % dos inmobles son de pequenos propietarios—, impulsar os desenvolvementos de chan residencial **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —remato xa, señora alcaldesa— entre concello e a Xunta, mecanismos en defensa frente a inqueocupación establecendo garantías fronte as desfeitas das vivendas e a cobranza do alugueiro e incentivar o uso do mercado de alugueiro estable, con seguridade xurídica e incentivos fiscais ós propietarios.

*¿Cómo mejoraríamos el mercado del alquiler? Pues con las propuestas hacíamos en la enmienda que además presentábamos, dando garantías y seguridad a los propietarios para hacer aflorar la vivienda vacía —más del 95 % de los inmuebles son de pequeños propietarios—, impulsar los desarrollos de suelo residencial* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *—finalizo ya, señora alcaldesa— entre ayuntamiento y la Xunta, mecanismos en defensa frente a inqueocupación estableciendo garantías frente los destrozos de las viviendas y el cobro del alquiler e incentivar el uso del mercado de alquiler estable, con seguridad jurídica e incentivos fiscales a los propietarios.*

Máis nada. Votaremos a favor, de todas formas, aínda que non voten ustedes a favor da nosa emenda.

*Nada más. Votaremos a favor, de todas formas, aunque no voten ustedes a favor de nuestra enmienda.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Remata o debate o señor Díaz polo Grupo Socialista.

*Finaliza el debate el señor Díaz por el Grupo Socialista.*

**Señor Díaz Gallego**

***Señor Díaz Gallego***

Grazas, señora alcaldesa.

Adiantar o voto favorable do Grupo municipal Socialista á presente moción relativa a vivenda e en contra da emenda do Partido Popular.

Como Goberno local impulsamos e impulsaremos todas as medidas relativa á vivenda incluídas nos diferentes acordos, tanto orzamentarios como de goberno, así como continuaremos coas políticas iniciadas no mandato anterior relativas á xestión do solo, tanto para vivendas libres como para protexidas. Aquí fago un paréntese para contestar ó señor Deus.

Este goberno local si que está a xestionar solo, si que está a impulsar o desenvolvemento de polígonos —Visma, Pedro Fernández, Fonte de San Amaro, Porticada—. Eu entendo que cando fala dos dez anos en xestión de solo fala do seu mandato e do mandato da Marea, pero non pode falar, dende logo, do mandato de Inés Rey.

Impulso tamén das licenzas para nova vivenda protexida das que esperamos poder dar este ano autorizacións para 500 novas vivendas protexidas e que xa se sumarán ás 500 outorgadas no mandato 19-23 e, por suposto, os novos edificios de vivenda pública municipal como os que estamos a finalizar en Marqués de Pontejos e a punto de iniciar no barrio de Xuxán.

No que respecta ós estudos, foi este goberno local o que impulsou o estudo de vivenda encargado por Emvsa, un estudo perfectamente válido a día de hoxe aínda que coincidamos na necesidade de realizar en paralelo un estudo máis detallado da situación da vivenda turística na cidade, un estudo que en todo caso xa se está a traballar na mesa creada para tal fin. Neste sentido quero aproveitar este

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Adelantar el voto favorable del Grupo municipal Socialista a la presente moción relativa a vivienda y en contra de la enmienda del Partido Popular.*

*Como Gobierno local impulsamos e impulsaremos todas las medidas relativa a la vivienda incluidas en los diferentes acuerdos, tanto presupuestarios como de gobierno, así como continuaremos con las políticas iniciadas en el mandato anterior relativas a la gestión del suelo, tanto para viviendas libres como para protegidas. Aquí hago un paréntesis para contestar al señor Deus.*

*Este gobierno local sí que está gestionando suelo, sí que está impulsando el desarrollo de polígonos —Visma, Pedro Fernández, Fonte de San Amaro, Porticada—. Yo entiendo que cuando habla de los diez años en gestión de suelo habla de su mandato y del mandato de la Marea, pero no puede hablar, desde luego, del mandato de Inés Rey.*

*Impulso también de las licencias para nueva vivienda protegida de las que esperamos poder dar este año autorizaciones para 500 nuevas viviendas protegidas y que ya se sumarán a las 500 otorgadas en el mandato 19-23 y, por supuesto, los nuevos edificios de vivienda pública municipal como los que estamos finalizando en Marqués de Pontejos y a punto de iniciar en el barrio de Xuxán.*

*En lo que respecta a los estudios, fue este gobierno local el que impulsó el estudio de vivienda encargado por Emvsa, un estudio perfectamente válido a día de hoy aunque coincidamos en la necesidad de realizar en paralelo un estudio más detallado de la situación de la vivienda turística en la ciudad, un estudio que en todo caso ya se está trabajando en la mesa creada para tal fin. En este sentido quiero aprovechar este*

pleno municipal para pedirlle ó Partido Popular e ó Goberno da Xunta de Galicia, dado que vese que os dous escritos remitidos pola Concellaría de Urbanismo non xorden efecto, que deixa xa de rexistrar no REAT aquelas vivendas protexidas que incumpran o planeamento vixente na nosa cidade. Dende o primeiro escrito e seguen inscribindo vivendas e dende o segundo escrito seguen tamén a inscribir vivendas a pesar de non cumprir co planeamento na nosa cidade.

*pleno municipal para pedirle al Partido Popular y al Gobierno de la Xunta de Galicia —dado que se ve que los dos escritos remitidos por la Concejalía de Urbanismo no surgen efecto— que deja ya de registrar en el REAT aquellas viviendas protegidas que incumplan el planeamiento vigente en nuestra ciudad. Desde el primer escrito y siguen inscribiendo viviendas y desde el segundo escrito siguen también inscribiendo viviendas a pesar de no cumplir con el planeamiento en nuestra ciudad.*

Pola nosa parte, nos vindeiros días comezaremos coas notificacións ós propietarios de vivendas turísticas da cidade trasladándolles a normativa vixente, tanto do Plan Xeral como do Plan Especial da Cidade Vella, así como a nova comunicación previa de actividade que vai permitir ter un rexistro propio destas vivendas, maior control así como unha recadación específica por dita actividade. Unha vez finalizadas estas notificacións, convocaremos de novo a Mesa de traballo na que os membros xa teñen encomendada a aportación de propostas concretas de cara a unha nova regulación, que poderá ser vía ordenanza e que recollerá, ademais da normativa urbanística existente, aquelas aportacións para unha regulación polo miúdo dun tema que preocupa e ocupa moito a este goberno local.

*Por nuestra parte, en los próximos días comenzaremos con las notificaciones a los propietarios de viviendas turísticas de la ciudad trasladándoles la normativa vigente, tanto del Plan General como del Plan Especial de la Ciudad Vieja, así como la nueva comunicación previa de actividad que va a permitir tener un registro propio de estas viviendas, mayor control así como una recaudación específica por dicha actividad. Una vez finalizadas estas notificaciones, convocaremos de nuevo la Mesa de trabajo en la que los miembros ya tienen encomendada la aportación de propuestas concretas de cara a una nueva regulación, que podrá ser vía ordenanza y que recogerá, además de la normativa urbanística existente, aquellas aportaciones para una regulación pormenorizada de un tema que preocupa y ocupa mucho a este gobierno local.*

Por tanto, señora Veira, si que hai proposta do Goberno local, si que hai propostas dos membros da Mesa e esperamos que nos próximos meses, semanas —digamos—, avancemos no marco desa mesa en relación con esas propostas.

*Por tanto, señora Veira, sí que hay propuesta del Gobierno local, sí que hay propuestas de los miembros de la Mesa y esperamos que en los próximos meses, semanas —digamos—, avancemos en el marco de esa mesa en relación con esas propuestas.*

Sobre a intervención do Partido Popular e a emenda presentada, dende logo é o de sempre, non?, xa o dicía tamén a señora Veira. A okupación é o tema estrella do Partido Popular, a teima de sempre do

*Sobre la intervención del Partido Popular y la enmienda presentada, desde luego es lo de siempre ¿no?, ya lo decía también la señora Veira. La okupación es el tema estrella del Partido Popular, la manía de*

Grupo municipal á que, dende logo, non refrendan os datos nin na nosa cidade nin na nosa comunidade autónoma nin tampouco en España. Os datos non din esa situación catastrófica e catastrofista sobre a okupación da que sempre fala neste pleno o Partido Popular.

*siempre del Grupo municipal a la que, desde luego, no refrendan los datos ni en nuestra ciudad ni en nuestra comunidad autónoma ni tampoco en España. Los datos no dicen esa situación catastrófica y catastrofista sobre la okupación de la que siempre habla en este pleno el Partido Popular.*

E despois, bueno, obviamente, regulación das VUT, tamén manda narices que sexa o Grupo municipal do Partido Popular o que fale da regulación das VUT cando ten na súa man, como é gobernando na Comunidade Autónoma, dita regulación e cuanto menos facer caso ó Concello e atender os nosos escritos en relación co non rexistro de vivendas que incumpran o planeamento.

*Y después, bueno, obviamente, regulación de las VUT, también manda narices que sea el Grupo municipal del Partido Popular el que hable de la regulación de las VUT cuando tiene en su mano, como es gobernando en la Comunidad Autónoma, dicha regulación y cuanto menos hacer caso al Ayuntamiento y atender nuestros escritos en relación con el no registro de viviendas que incumplan el planeamiento.*

En todo caso, señor Deus, dende logo quédome coa súa preocupación pola falta de políticas de vivenda. Entendo que non é unha crítica, que é unha autocrítica, posto que é o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia o que ten as competencias en materia de vivenda, son vostedes os responsables de que non haxa unha política de vivenda en Galicia e non só iso, son vostedes os responsables de destruír a única ocasión na que houbo unha política de vivenda en Galicia, que foi durante o Goberno bipartito, durante o Goberno de Emilio Pérez Touriño.

*En todo caso, señor Deus, desde luego me quedo con su preocupación por la falta de políticas de vivienda. Entiendo que no es una crítica, que es una autocrítica, puesto que es el Gobierno del Partido Popular en la Xunta de Galicia el que tiene las competencias en materia de vivienda, son ustedes los responsables de que no haya una política de vivienda en Galicia y no solo eso, son ustedes los responsables de destruir la única ocasión en la que hubo una política de vivienda en Galicia, que fue durante el Gobierno bipartito, durante el Gobierno de Emilio Pérez Touriño.*

E aínda si, adiántolle xa o que pensaba contestar na pregunta oral sobre este tema, sobre os compromisos do Partido Popular en materia de vivenda na cidade: 40 vivendas construídas en 14 anos tendo unha demanda de máis de 2.000 persoas en lista de espera de vivenda protexida na Coruña; nula xestión de solo por parte da Administración autonómica cando **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —perdón—, cando se acaben as prazas de Xuxán a Xunta xa non terá máis solo no que impulsar vivenda pública —o

*Y aun sí, le adelanto ya lo que pensaba contestar en la pregunta oral sobre este tema, sobre los compromisos del Partido Popular en materia de vivienda en la ciudad: 40 viviendas construidas en 14 años teniendo una demanda de más de 2.000 personas en lista de espera de vivienda protegida en A Coruña; nula gestión de suelo por parte de la Administración autonómica cuando* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *—perdón—, cuando se acaben las plazas de Xuxán la Xunta ya no tendrá más suelo*

Concello si, o que está traballando nesa xestión de solo—; nula atención as peticións do Concello para paralizar a inscrición no REAT de vivendas turísticas e cero facilidades ós concellos que queremos impulsar a delimitación de zonas tensionadas. Ese é o seu balance, esa é a súa escasa política de vivenda, por non dicir nula. Entón, entendo a autocrítica que fai e por favor tomen nota e fagan oposición para mellorar esa política de vivenda.

*en el que impulsar vivienda pública —el Ayuntamiento sí, el que está trabajando en esa gestión de suelo—; nula atención las peticiones del Ayuntamiento para paralizar la inscripción en el REAT de viviendas turísticas y cero facilidades a los ayuntamientos que queremos impulsar la delimitación de zonas tensionadas. Ese es su balance, esa es su escasa política de vivienda, por no decir nula. Entonces, entiendo la autocrítica que hace y por favor tomen nota y hagan oposición para mejorar esa política de vivienda.*

Reitero en todo caso o noso voto favorable a esta moción e o voto desfavorable á emenda do Partido Popular.

*Reitero en todo caso nuestro voto favorable a esta moción y el voto desfavorable a la enmienda del Partido Popular.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Díaz.

*Muchas gracias, señor Díaz.*

Remata o debate desta moción. Dado que a propoñente non aceptou a emenda presentada polo Grupo Popular se votará en primeiro lugar a emenda. De non prosperar, se votará a moción.

*Finaliza el debate de esta moción. Dado que la proponente no aceptó la enmienda presentada por el Grupo Popular se votará en primer lugar la enmienda. De no prosperar, se votará la moción.*

**Votación da emenda do Grupo Municipal do Partido Popular á segunda moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego**

***Votación de la enmienda del Grupo Municipal del Partido Popular a la segunda moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego***

*En segundo lugar, el IMCE no cuenta con el personal necesario para gestionar el importantísimo volumen de encomiendas y de presupuesto atribuido que, no lo olvidemos, en 2023 llegó a gestionar 10 millones de euros. De los 15 puestos de*

traballo da RPT están sen cubrir 6 vacantes.

En terceiro lugar, as infraestruturas culturais da cidade que xestiona o IMCE teñen como protagonista a auga e os caldeiros como decoración principal, carentes polo tanto do mantemento necesario para facelos útiles ós seus fins e confortables para as usuarias.

En cuarto lugar, a transparencia opaca do Goberno de Inés Rey percíbese ás claras na web do IMCE. A publicación das actas do Consello Reitor remataron en decembro de 2020. Por que non pode saber a veciñanza da Coruña que pasou no IMCE a partir de aí nos últimos catro anos?

E en quinto e último lugar, a situación de impagos a provedores confirma que o Goberno debe 3.600.000 euros segundo a conta xeral de 2023. Nós, desde o Grupo municipal do BNG, levamos desde o 21 de marzo agardando para poder acceder á relación total de facturas sen pagar polo IMCE.

En definitiva, preocúpanos no BNG a asfixia económica á que están sometendo aos traballadores e traballadoras da cultura, na maioría, non o esquezamos, pequenas e medianas empresas e autónomos. Preocúpanos no BNG que esta situación sexa reincidente, herdada ano tras ano, e que o Goberno non nos traslade que está a traballar e a concretar unha solución que lle poña fin. Preocúpanos que o Goberno propoña agora pagar 2 millóns e medio de euros de esa débeda do ano 2023, deixando aínda pendente de pago 1.100.000 euros mais, e que sexa ademais a custa do orzamento para festas e para cultura do ano 24. Preocúpanos que o Goberno contrate por enriba das súas posibilidades e do orzamento do que dispón. Preocúpanos que mesmo agora se estean

*trabajo de la RPT están sin cubrir 6 vacantes.*

*En tercer lugar, las infraestructuras culturales de la ciudad que gestiona el IMCE tienen como protagonista el agua y los calderos como decoración principal, carentes por lo tanto del mantenimiento necesario para hacerlos útiles a sus fines y confortables para las usuarias.*

*En cuarto lugar, la transparencia opaca del Gobierno de Inés Rey se percibe claramente en la web del IMCE. La publicación de las actas del Consejo Rector finalizó en diciembre de 2020 ¿Por qué no puede saber el vecindario de A Coruña qué pasó en el IMCE a partir de ahí en los últimos cuatro años?*

*Y en quinto y último lugar, la situación de impagos a proveedores confirma que el Gobierno debe 3.600.000 euros según la cuenta general de 2023. Nosotros, desde el Grupo municipal del BNG, llevamos desde el 21 de marzo esperando para poder acceder a la relación total de facturas sin pagar por el IMCE.*

*En definitiva, nos preocupa en el BNG la asfixia económica a la que están sometiendo a los trabajadores y trabajadoras de la cultura, en la mayoría, no lo olvidemos, pequeñas y medianas empresas y autónomos. Nos preocupa en el BNG que esta situación sea reincidente, heredada año tras año, y que el Gobierno no nos traslade que está trabajando y concretando una solución que le ponga fin. Nos preocupa que el Gobierno proponga ahora pagar 2 millones y medio de euros de esa deuda del año 2023, dejando aún pendiente de pago 1.100.000 euros más, y que sea además a costa del presupuesto para fiestas y para cultura del año 24. Nos preocupa que el Gobierno contrate por encima de sus posibilidades y del presupuesto del que dispone. Nos preocupa que ahora mismo se estén haciendo*

facendo anuncios de contratacións de concertos moi custosos para 2024 sen asegurar a reserva de crédito e a custa doutra actividade cultural da cidade. Preocúpanos que se pretenda tapar esta xestión irregular persistente presentando un modificativo de crédito que é informado desfavorablemente polo interventor e carente da seguridade xurídica necesaria pola falta de informes preceptivos. Preocúpanos, en definitiva, que o Goberno de Inés Rey prefira vivir de cara á galería, entre titulares de falsa grandeza, a custa das traballadoras da cultura como principais prexudicadas dunha xestión irregular e irresponsábel.

Como vai o Goberno local reverter **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** esta actuación irregular cronificada na súa xestión política e económica?

**<u>Señor Castro Prado</u>**

Bueno, a verdade é que en primeiro lugar teño que agradecer a pregunta porque eu creo que vai a permitir informar, e non só informar senón tamén facer algo de pedagoxía en torno ao IMCE. Pero de agradecementos teño que falar en primeiro lugar en nome da alcaldesa e de este concelleiro e do conxunto do Goberno, un agradecemento expreso, sincero, ao tecido cultural desta cidade que se ten manifestado nos últimos días de forma masiva e en privado, porque evidentemente eles non queren participar dun debate público que creo que ten chegado a un punto que para nada os axuda, que se teñen manifestado en privado e con este, con este goberno municipal, amosando todo o seu apoio á xestión no IMCE e amosando todo o seu agradecemento a unha xestión que no ano 2022 e 2023 foi, creo que decisiva, para a supervivencia dun tecido cultural moi castigado pola pandemia.

*anuncios de contrataciones de conciertos muy costosos para 2024 sin asegurar la reserva de crédito y a costa de otra actividad cultural de la ciudad. Nos preocupa que se pretenda tapar esta gestión irregular persistente presentando un modificativo de crédito que es informado desfavorablemente por el interventor y carente de la seguridad jurídica necesaria por la falta de informes preceptivos. Nos preocupa, en definitiva, que el Gobierno de Inés Rey prefiera vivir de cara a la galería, entre titulares de falsa grandeza, a costa de las trabajadoras de la cultura como principales perjudicadas de una gestión irregular e irresponsable.*

*¿Cómo va el Gobierno local a revertir* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *esta actuación irregular cronificada en su gestión política y económica?*

***<u>Señor Castro Prado</u>***

*Bueno, la verdad es que en primer lugar tengo que agradecer la pregunta porque yo creo que va a permitir informar, y no solo informar sino también hacer algo de pedagogía, en torno al IMCE. Pero de agradecimientos tengo que hablar en primer lugar en nombre de la alcaldesa y de este concejal y del conjunto del Gobierno, un agradecimiento expreso, sincero, al tejido cultural de esta ciudad que se ha manifestado en los últimos días de forma masiva y en privado, porque evidentemente ellos no quieren participar de un debate público que creo que ha llegado a un punto que para nada los ayuda, que se han manifestado en privado y con este, con este gobierno municipal, mostrando todo su apoyo a la gestión en el IMCE y mostrando todo su agradecimiento a una gestión que en el año 2022 y 2023 fue, creo que decisiva, para la supervivencia de un tejido cultural muy castigado por la pandemia.*

**Ás trece horas e vinte minutos entra no Salón de Sesións a señora Veira González.**

Ese agradecemento quero facelo porque é de xustiza. Eu non me atrevo —tendo a ser bastante humilde—, e non me atrevo a cualificar por exemplo a xestión do Teatro Rosalía ou do Coliseum como unha xestión discrecional ou arbitraria. Creo que hai un traballo de programación por parte de profesionais de recoñecida valía que amosa ben ás claras que o traballo que se está a facer no caso do Rosalía como referente, como teatro referente a nivel estatal, cunha programación variada e de enorme calidade artística, e no caso do Coliseum como o terceiro recinto indoor de gran formato de todo o Estado, so superado, e non por moito, por auténticos, bueno, colosos como o WiZink-Center ou o Palau San Jordi, creo que falar de xestión arbitraria ou discrecional é descoñecer que hai detrás un traballo de profesionais moi ben orientado, moi ben enfocado e de contido absolutamente sublime, se se me permite a expresión.

Dito isto, que no IMCE hai unha xestión orzamentaria que pode ser obxecto de mellora? Por suposto. Eu non son dos que fuxe da autocrítica. É unha xestión orzamentaria e que se ten demostrado nos últimos anos insuficiente, debido a unha hiperinflación da produción dos eventos e do coste dos cachés artísticos, insuficiente? Por suposto, pero non é nada novo, non é nada novo. Eu quero recordar por exemplo que o propio BNG coñece desta situación e mais viviuna e mais protagonizouna. Durante o período 2007-2011, nese período no que o BNG ostentaba a Vicepresidencia delegada do IMCE se gastou0 —eu prefiro dicir se investiu, mais que gastar—, se investiu na cultura mais de 8 millóns de euros por riba dos créditos iniciais do IMCE durante eses catro anos. Mais de 8

***A las trece horas y veinte minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Veira González.***

*Ese agradecimiento quiero hacerlo porque es de justicia. Yo no me atrevo —tiendo a ser bastante humilde—, y no me atrevo a calificar por ejemplo la gestión del Teatro Rosalía o del Coliseum como una gestión discrecional o arbitraria. Creo que hay un trabajo de programación por parte de profesionales de reconocida valía que demuestra claramente que el trabajo que se está haciendo en el caso del Rosalía como referente, como teatro referente a nivel estatal, con una programación variada y de enorme calidad artística, y en el caso del Coliseum como el tercer recinto interior de gran formato de todo el Estado, solo superado, y no por mucho, por auténticos, bueno, colosos como el WiZink-Center o el Palau San Jordi, creo que hablar de gestión arbitraria o discrecional es desconocer que hay detrás un trabajo de profesionales muy bien orientado, muy bien enfocado y de contenido absolutamente sublime, si se me permite la expresión.*

*Dicho esto, ¿que en el IMCE hay una gestión presupuestaria que puede ser objeto de mejora? Por supuesto. Yo no soy de los que huye de la autocrítica ¿Es una gestión presupuestaria y que se ha demostrado en los últimos años insuficiente, debido a una hiperinflación de la producción de los eventos y del coste de los cachés artísticos, insuficiente? Por supuesto, pero no es nada nuevo, no es nada nuevo. Yo quiero recordar por ejemplo que el propio BNG conoce esta situación y la vivió y la protagonizó. Durante el período 2007-2011, en ese período en el que el BNG ostentaba la Vicepresidencia delegada del IMCE se gastó —yo prefiero decir se invirtió, más que gastar—, se invirtió en la cultura más de 8 millones de euros por encima de los créditos iniciales del IMCE durante esos*

millóns de euros que se os trasladamos á actualidade xa soamente en termos de IPC estariamos falando de mais de 10 millóns de euros, case 11. E se falamos da hiperinflación da que falabamos antes en termos de produción e de cachés artísticos, non sei a que cantidade nos iriamos.

Bueno, do período do 2011 ao 2015 que lle afecta ó PP non vou falar porque niso si que son campións, eh?, nos ganan con moita diferencia, pero cunha cuestión, que efectivamente eles non fan cuestións autocentradas no que é o tecido cultural da cidade.

O que se fixo durante todo este tempo foi precisamente, abandonando os complexos, levar a nosa cultura ao gran formato. Aí queda o concerto de Tanxugueiras para a historia na praia de Riazor, o primeiro cheo dun grupo galego e en galego no Coliseum **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**. Trouxemos a Luar na Lubre, a Xabier Díaz a un marco incomparable como María Pita, aí temos o 40 aniversario de Milladoiro o 19 de maio onde supoño que estaremos todos no Pazo da Ópera, 50 aniversario de Fuxan os Ventos, etcétera, etcétera, etcétera. Aposta pola cultura do país, pero sen complexos, levándoo incluso aos grandes formatos porque non somos menos.

Que iso ten un custo? Un custo mais que xustificado, un custo mais que xustificado. Que hai que corrixir obviamente cuestións de xestión orzamentaria? Si, pero tamén —xa remato señora alcaldesa— quero facer unha chamada ao rigor, á seriedade e sobre todo á responsabilidade. Este concelleiro ten lido nalgún medio, referencias á existencia de contratos verbais no IMCE, o cal é rotundamente falso. É rotundamente falso. Eu sei que ao

*cuatro años. Más de 8 millones de euros que si los trasladamos a la actualidad ya solamente en términos de IPC estaríamos hablando de más de 10 millones de euros, casi 11. Y si hablamos de la hiperinflación de la que hablábamos antes en términos de producción y de cachés artísticos, no sé a qué cantidad nos iríamos.*

*Bueno, del periodo del 2011 al 2015 que le afecta al PP no voy a hablar porque en eso sí que son campeones, ¿eh?, nos ganan con mucha diferencia, pero con una cuestión, que efectivamente ellos no hacen cuestiones autocentradas en lo que es el tejido cultural de la ciudad.*

*Lo que se hizo durante todo este tiempo fue precisamente, abandonando los complejos, llevar nuestra cultura al gran formato. Ahí queda el concierto de Tanxugueiras para la historia en la playa de Riazor, el primer lleno de un grupo gallego y en gallego en el Coliseum* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)****. Trajimos a Luar na Lubre, a Xabier Díaz a un marco incomparable como María Pita, ahí tenemos el 40 aniversario de Milladoiro el 19 de mayo donde supongo que estaremos todos en el Palacio de la Ópera, 50 aniversario de Fuxan os Ventos, etcétera, etcétera, etcétera. Apuesta por la cultura del país, pero sin complejos, llevándolo incluso a los grandes formatos porque no somos menos.*

*¿Que eso tiene un coste? Un coste más que justificado, un coste más que justificado. ¿Que hay que corregir obviamente cuestiones de gestión presupuestaria? Sí, pero también —ya finalizo señora alcaldesa— quiero hacer una llamada al rigor, a la seriedad y sobre todo a la responsabilidad. Este concejal ha leído en algún medio, referencias a la existencia de contratos verbales en el IMCE, lo cual es rotundamente falso. Es rotundamente falso. Yo sé que a lo mejor leer, digamos,*

mellor ler, digamos, documentos ou informes de carácter técnico-xurídico pode ter a súa complexidade, pero non se pode utilizar un informe do Consello Consultivo en referencia a Cambre falando de contratos verbais para dicir que hai contratos verbais na Coruña.

*documentos o informes de carácter técnico-jurídico puede tener su complejidad, pero no se puede utilizar un informe del Consello Consultivo en referencia a Cambre hablando de contratos verbales para decir que hay contratos verbales en A Coruña.*

Dito isto, como sei que iso, bueno, pois pode producir **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** —e xa remato— o que hai no caso do IMCE é documentación de todo canto se contratou e tres realidades, —e xa remato señora alcaldesa—. Unha, contratos, contratos xa rematados pero que se seguen prestando co prezo do contrato, como pasa en moitos servizos. Hai contratos, hai contratos en vigor, e hai servizos que si, efectivamente, se contrataron sen a cobertura contractual, pero con solicitude de orzamentos, informes de necesidade.

*Dicho esto, como sé que eso, bueno, pues puede producir* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *— y ya finalizo— lo que hay en el caso del IMCE es documentación de todo cuanto se contrató y tres realidades, —y ya finalizo señora alcaldesa—. Una, contratos, contratos ya finalizados pero que se siguen prestando con el precio del contrato, como pasa en muchos servicios. Hay contratos, hay contratos en vigor, y hay servicios que sí, efectivamente, se contrataron sin la cobertura contractual, pero con solicitud de presupuestos, informes de necesidad.*

**Presidencia**

Grazas, señor Castro.

***Presidencia***

*Gracias, señor Castro.*

**Señor Castro Prado**

Etcétera, etcétera.

***Señor Castro Prado***

*Etcétera, etcétera.*

**Presidencia**

Rematou.

***Presidencia***

*Finalizó.*

**Señor Castro Prado**

Non, pero quero, quero.

***Señor Castro Prado***

*No, pero quiero, quiero.*

**Presidencia**

Non, xa o sei, pero mire, é que, vamos a ver.

***Presidencia***

*No, ya lo sé, pero mire, es que, vamos a ver.*

**Señor Castro Prado**

Dígoo mais que nada porque...

***Señor Castro Prado***

*Lo digo más que nada porque...*

**Presidencia**

Agarde un momento non ten a palabra.

**Señor Castro Prado**

...isto afecta a funcionarios, non a min.

**Presidencia**

Non ten a palabra.

**Señor Castro Prado**

Perfecto.

**Presidencia**

Agarde un momento, garden silencio.

Mire, ve esto non?, non é que estea moi limpo, non?

**Señor Castro Prado**

Si, si

**Presidencia**

Pero son as notas que vou tomando dos tempos, y como presidenta teño que ser xusta e ecuánime. Quiteille a palabra ao señor Lorenzo porque excedeu do tempo. Toqueilles a campana unha vez e dúas, ninguén chegou ó seguinte límite, chegou o señor Lorenzo, e agora alcanza tamén o pódium vostede. Se chegan ao terceiro aviso se acabou.

Eu, se queren cambiamos o formato, pero as preguntas son 3 minutos para pregunta, 3 minutos para resposta. Se vostedes van utilizar o dobre do tempo na resposta pois terei que dar o dobre de tempo na pregunta. Se vostedes van utilizar o dobre de tempo nas mocións para contestalas vostedes ou vostedes, o que sexa, entón hai que atinxirse aos tempos, son tres

***Presidencia***

*Espere un momento no tiene la palabra.*

***Señor Castro Prado***

*...esto afecta a funcionarios, no a mí.*

***Presidencia***

*No tiene la palabra.*

***Señor Castro Prado***

*Perfecto.*

***Presidencia***

*Espere un momento, guarden silencio.*

*Mire, ve esto ¿no?, no es que esté muy limpio, ¿no?*

***Señor Castro Prado***

*Sí, sí*

***Presidencia***

*Pero son las notas que voy tomando de los tiempos, y como presidenta tengo que ser justa y ecuánime. Le quité la palabra al señor Lorenzo porque excedió del tiempo. Les toqué la campana una vez y dos, nadie llegó al siguiente límite, llegó el señor Lorenzo, y ahora alcanza también el pódium usted. Si llegan al tercer aviso se acabó.*

*Yo, si quieren cambiamos el formato, pero las preguntas son 3 minutos para pregunta, 3 minutos para respuesta. Si ustedes van a utilizar el doble del tiempo en la respuesta pues tendré que dar el doble de tiempo en la pregunta. Si ustedes van a utilizar el doble de tiempo en las mociones para contestarlas ustedes o ustedes, el que sea, entonces hay que adaptarse a los tiempos,*

minutos. Sinteticen, resuman, ou lle pedimos á señora Queixas que traia outra pregunta ó próximo Pleno e remata vostede de contar.

*son tres minutos. Sinteticen, resuman, o le pedimos a la señora Quejas que traiga otra pregunta al próximo Pleno y finaliza usted de contar.*

Di que si coa cabeza, parécelle boa idea. Ben, pois daquela esta rematou.

*Dice que sí con la cabeza, le parece buena idea. Bien, pues en ese caso esta finalizó.*

Segunda pregunta do BNG. Señora Veira.

*Segunda pregunta del BNG. Señora Veira.*

**Segunda. Pregunta de resposta oral sobre a contorna da Torre de Hércules.**

***Segunda. Pregunta de respuesta oral sobre el contorno de la Torre de Hércules.***

**Señora Veira González**

***Señora Veira González***

Grazas.

*Gracias.*

Pode concretar o Goberno local cal é o seu plan de futuro para a contorna da Torre de Hércules?

*¿Puede concretar el Gobierno local cuál es su plan de futuro para el entorno de la Torre de Hércules?*

**Señor Díaz Gallego**

***Señor Díaz Gallego***

Si.

*Sí.*

O plan de futuro deste goberno local para a contorna da Torre de Hércules consiste nunha maior protección natural, patrimonial e urbanística, garantindo as mellores condicións para un ámbito que é Patrimonio da Humanidade.

*El plan de futuro de este gobierno local para el entorno de la Torre de Hércules consiste en una mayor protección natural, patrimonial y urbanística, garantizando las mejores condiciones para un ámbito que es Patrimonio de la Humanidad.*

**Señora Veira González**

***Señora Veira González***

Ben.

*Bien.*

Se algún sentido ten o Plan Especial da Torre, do que vimos de coñecer que xa pasou o trámite de avaliación ambiental estratéxica, é a protección do noso faro milenario e a ordenación dos usos dese ámbito e a coordinación entre os diferentes documentos que afectan precisamente á Torre de Hércules. É dicir, o plan de conservación do ENIL, do espazo natural de interese local e o Plan Director da Torre de Hércules.

*Si algún sentido tiene el Plan Especial de la Torre, del que acabamos de conocer que ya pasó el trámite de evaluación ambiental estratégica, es la protección de nuestro faro milenario y la ordenación de los usos de ese ámbito y la coordinación entre los diferentes documentos que afectan precisamente a la Torre de Hércules. Es decir, el plan de conservación del ENIL, del espacio natural de interés local y el Plan Director de la Torre de Hércules.*

Outro dos obxectivos que perseguía a modificación do Plan especial da Torre era dar resposta á moción aprobada por unanimidade no Pleno de setembro de 2016 que dicía exactamente o seguinte —desculpen porque vouno ler literalmente porque realmente non foi o que finalmente figurou no propio plan que se puxo a exposición pública—.

*Otro de los objetivos que perseguía la modificación del Plan especial de la Torre era dar respuesta a la moción aprobada por unanimidad en el Pleno de septiembre de 2016 que decía exactamente lo siguiente —disculpen porque lo voy a leer literalmente porque realmente no fue lo que finalmente figuró en el propio plan que se puso a exposición pública—.*

A modificación... aquela moción que foi aprobada por unanimidade dicía, acordaba iniciar os trámites necesarios para levar a cabo unha modificación parcial do PXOM na que se contemple unha nova ordenación na contorna da Torre de Hércules que non permita construcións na zona *buffer* de protección, impedindo así novos volumes edificatorios en Durmideiras, como resultado do compromiso dos grupos políticos desta corporación municipal coa protección deste monumento patrimonio da humanidade e da súa contorna.

*La modificación... aquella moción que fue aprobada por unanimidad decía, acordaba iniciar los trámites necesarios para llevar a cabo una modificación parcial del PGOM en la que se contemple una nueva ordenación en el entorno de la Torre de Hércules que no permita construcciones en la zona "buffer" de protección, impidiendo así nuevos volúmenes edificatorios en Durmideiras, como resultado del compromiso de los grupos políticos de esta corporación municipal con la protección de este monumento patrimonio de la humanidad y de su entorno.*

E por que leo isto? Porque realmente o Plan Especial non responde a esta, a este acordo plenario, non? Ademais nós cremos que o documento, este plan especial que, como digo, xa pasou o trámite de avaliación ambiental, pois é absolutamente escueto, escaso e de mínimos. Escueto, escaso e de mínimos porque, primeiro, quedou superado polo Plan de conservación do ENIL, polo cal nós entendemos que o Goberno local tiña que ter agardado antes de darlle, pois a redacción ó plan especial, non?; porque mantén edificacións en Durmideiras; porque propón o traslado do frontón sen resolver como se vai producir ou como vai... o impacto que vai ter ó final na vida diaria na Cidade Deportiva Arsenio Iglesias; e porque para nós unha das cuestións mais, mais notábeis ou mais discutíbeis, non?, deste plan especial é que ó final a Xunta de Galiza o que lles demanda é que fagan realmente seccións e acheguen, bueno, pois documentos

*¿Y por qué leo esto? Porque realmente el Plan Especial no responde a esta, a este acuerdo plenario, ¿no? Además, nosotros creemos que el documento, este plan especial que, como digo, ya pasó el trámite de evaluación ambiental, pues es absolutamente escueto, escaso y de mínimos. Escueto, escaso y de mínimos porque, primero, quedó superado por el Plan de conservación del ENIL, por lo cual nosotros entendemos que el Gobierno local tenía que haber esperado antes de darle, pues la redacción al plan especial, ¿no?; porque mantiene edificaciones en Durmideiras; porque propone el traslado del frontón sin resolver cómo se va a producir o cómo va... el impacto que va a tener al final en la vida diaria en la Ciudad Deportiva Arsenio Iglesias; y porque para nosotros una de las cuestiones más, más notables o más discutibles, ¿no?, de este plan especial es que al final la Xunta de Galicia lo que les demanda es que hagan realmente secciones y aporten, bueno, pues*

gráficos onde se vexan as perspectivas tanto desde a Torre como desde as propias edificacións sobre... para ver como impacta realmente no propio Patrimonio da Humanidade.

*documentos gráficos donde se vean las perspectivas tanto desde la Torre como desde las propias edificaciones sobre... para ver cómo impacta realmente en el propio Patrimonio de la Humanidad.*

Polo tanto, o que cremos é que este plan especial non está a perseguir realmente ou non conseguiu completar, digamos, esa protección de que fala o propio Goberno municipal, porque a propia Xunta de Galiza no seu informe di que non se pode valorar o impacto das edificacións, non? Entón, en realidade non sabemos o que quere facer o Goberno municipal, polo menos non a través deste plan especial da Torre.

*Por lo tanto, lo que creemos es que este plan especial no está persiguiendo realmente o no consiguió completar, digamos, esa protección de que habla el propio Gobierno municipal, porque la propia Junta de Galicia en su informe dice que no se puede valorar el impacto de las edificaciones, ¿no? Entonces, en realidad no sabemos lo que quiere hacer el Gobierno municipal, por lo menos no a través de este plan especial de la Torre.*

Nada mais.

*Nada más.*

**Señor Díaz Gallego**

***Señor Díaz Gallego***

Si.

*Sí.*

Como dicía na miña primeira intervención, señora Veira, o plan deste goberno local para a contorna da Torre de Hércules consiste en darlle unha maior protección. Un plan que xa se está a materializar mediante dous documentos como di ben vostede en tramitación: o ENIL da Torre, impulsado pola Concellaría de Medio Ambiente, e o Plan especial da Torre de Hércules que impulsamos dende a Concellaría de Urbanismo. No que respecta ao ENIL ten como obxectivo principal compatibilizar a protección da natureza á vez que se manteñen os outros usos que non prexudiquen a súa conservación. Preténdese que a cidadanía e as persoas visitantes en xeral desfruten desta contorna única sen comprometer o medio ambiente. Precisamente o pasado 17 de abril publicouse no DOG o anuncio de elección xeral de Patrimonio Natural polo que se somete a participación pública o documento base do Plan de conservación do espazo natural de interese local da

*Como decía en mi primera intervención, señora Veira, el plan de este gobierno local para el entorno de la Torre de Hércules consiste en darle una mayor protección. Un plan que ya se está materializando mediante dos documentos como dice bien usted en tramitación: el ENIL de la Torre, impulsado por la Concejalía de Medio Ambiente, y el Plan especial de la Torre de Hércules que impulsamos desde la Concejalía de Urbanismo. En lo que respecta al ENIL tiene como objetivo principal compatibilizar la protección de la naturaleza al tiempo que se mantienen los otros usos que no perjudiquen su conservación. Se pretende que la ciudadanía y las personas visitantes en general disfruten de este entorno único sin comprometer el medioambiente. Precisamente el pasado 17 de abril se publicó en el DOG el anuncio de elección general de Patrimonio Natural por el que se somete a participación pública el documento base del Plan de conservación del espacio natural de interés local de la*

Torre de Hércules pertencente ó Concello da Coruña e nestes intres está aberto a participación pública. Animamos a toda a cidadanía a que participe en dita, en dita participación pública.

*Torre de Hércules perteneciente al Ayuntamiento de A Coruña y en estos momentos, está abierto a participación pública. Animamos a toda la ciudadanía a que participe en dicha, en dicha participación pública.*

Esta participación pública é xa o último paso para que se publique a orde pola que se obtén a declaración definitiva do ENIL así como o decreto polo que se aproba o plan de conservación deste espazo natural protexido. A aprobación será o inicio dunha ambiciosa variedade de tarefas que permitirán manter os usos habituais á vez que se vela pola protección ambiental da contorna, que non sería o mesmo sen a presencia da Torre de Hércules pero que tampouco sería o mesmo sen a natureza que a rodea.

*Esta participación pública es ya el último paso para que se publique la orden por la que se obtiene la declaración definitiva del ENIL así como el decreto por lo que se aprueba el plan de conservación de este espacio natural protegido. La aprobación será el inicio de una ambiciosa variedad de tareas que permitirán mantener los usos habituales al tiempo que se vela por la protección ambiental del entorno, que no sería lo mismo sin la presencia de la Torre de Hércules pero que tampoco sería lo mismo sin la naturaleza que la rodea.*

E coa finalidade de protexer a Torre de Hércules, precisamente, e a natureza que a rodea, estamos, como dicíamos, tamén a impulsar o Plan especial da Torre de Hércules, un documento recollido no Plan Xeral de Ordenación de 2013 e que necesitamos aprobar definitivamente para dar cumprimento ós acordos plenarios, reducir ó máximo posible a edificabilidade da zona e aumentar a protección do noso patrimonio cultural e natural. Un documento, o do Plan especial, que acaba de recibir informe favorable da súa avaliación ambiental cun ditame moi positivo no que respecta á nova ordenación prevista e no que se entenden as demandas trasladadas polo ICOM en relación coa conservación da Torre, tales como o traslado das zonas de estacionamento ou do edificio do frontón. Tamén da resposta ó acordo do que fai lectura, señora Veira, toda vez que presenta alternativas nas que se elimina por completo a edificabilidade ademais de, efectivamente, da alternativa que temos enviado nós como borrador, na que se reduce a edificabilidade mais dun 90 %, mantendo a acordada e recollida en

*Y con la finalidad de proteger la Torre de Hércules, precisamente, y la naturaleza que la rodea, estamos, como decíamos, también impulsando el Plan especial de la Torre de Hércules, un documento recogido en el Plan General de Ordenación de 2013 y que necesitamos aprobar definitivamente para dar cumplimiento a los acuerdos plenarios, reducir al máximo posible la edificabilidad de la zona y aumentar la protección de nuestro patrimonio cultural y natural. Un documento, el del Plan especial, que acaba de recibir informe favorable de su evaluación ambiental con un dictamen muy positivo en lo que respecta a la nueva ordenación prevista y en lo que se entienden las demandas trasladadas por el ICOM en relación con la conservación de la Torre, tales como el traslado de las zonas de estacionamiento o del edificio del frontón. También de la respuesta al acuerdo del que hace lectura, señora Veira, toda vez que presenta alternativas en las que se elimina por completo la edificabilidad además de, efectivamente, de la alternativa que hemos enviado nosotros como borrador, en la que se reduce la edificabilidad más de un 90 %,*

convenios que están vixentes e que en todo caso, mais adiante, dentro da propia tramitación urbanística do documento, pode ser obxecto de convenios, de permutas ou incluso de maiores reducións.

*manteniendo la acordada y recogida en convenios que están vigentes y que en todo caso, más adelante, dentro de la propia tramitación urbanística del documento, puede ser objeto de convenios, de permutas o incluso de mayores reducciones.*

O documento está en fase de borrador e non é que sexa escueto nin de mínimos, senón que é un documento de inicio de avaliación ambiental, non é o documento do Plan especial, e nos próximos meses traballaremos con todas as concellarías implicadas, en especial coa Concellaría de Medio Ambiente para incorporar eses datos que veñen do ENIL, e tamén coa Concellaría de Deportes no que respecta á Cidade Deportiva da Torre para poder enriquecelo e para poder facer un documento que de cumprimento a todo o que se acordou neste pleno.

*El documento está en fase de borrador y no es que sea escueto ni de mínimos, sino que es un documento de inicio de evaluación ambiental, no es el documento del Plan especial, y en los próximos meses trabajaremos con todas las concejalías implicadas, en especial con la Concejalía de Medio Ambiente para incorporar esos datos que vienen del ENIL, y también con la Concejalía de Deportes en lo que respecta a la Ciudad Deportiva de la Torre para poder enriquecerlo y para poder hacer un documento que dé cumplimiento a todo lo que se acordó en este pleno.*

Gracias.

*Gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas.

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias.*

**Terceira. Pregunta de resposta oral sobre a Escola Municipal de música.**

***Tercera. Pregunta de respuesta oral sobre la Escuela Municipal de música.***

**<u>Presidencia</u>**

Terceira, non, un momento, si. Si. Terceira pregunta do BNG. Señora Queixas.

***<u>Presidencia</u>***

*Tercera, no, un momento, sí. Sí. Tercera pregunta del BNG. Señora Queixas.*

**<u>Señora Queixas Zas</u>**

Grazas alcaldesa.

Está a traballar o Goberno local para que a Escola Municipal de Música poida desenvolver o seu proxecto educativo e chegar a facer os 50 anos nas mellores condicións?

***<u>Señora Queixas Zas</u>***

*Gracias alcaldesa.*

*¿Está trabajando el Gobierno local para que la Escuela Municipal de Música pueda desarrollar su proyecto educativo y llegar a hacer los 50 años en las mejores condiciones?*

**<u>Señor Castro Prado</u>**

***<u>Señor Castro Prado</u>***

Si, estamos traballando, estamos traballando neso.

*Sí, estamos trabajando, estamos trabajando en eso.*

**Señora Queixas Zas**

***Señora Queixas Zas***

A cultura musical de base da Coruña medrou ó longo dos últimos 25 anos grazas ó importante proxecto pedagóxico que se veu desenvolvendo dende a Escola Municipal de Música. Hoxe dende o Grupo municipal do BNG queremos volver parabenizar esta comunidade educativa que posibilitou que ó longo destes primeiros 25 anos a formación musical prendese en mais de 10.000 alumnos e alumnas e agradecer, por suposto tamén, a demostración desta fortaleza na celebración coa que nos honraron no Teatro Colón o pasado 19 de abril. O talento e o esforzo demostrados no escenario nese día de festa e coas mellores galas, froito do traballo entregado e silencioso das aulas, obríganos a observar como está a ser o día a día da Escola Municipal de Música.

*La cultura musical de base de A Coruña creció a lo largo de los últimos 25 años gracias al importante proyecto pedagógico que se vino desarrollando desde la Escuela Municipal de Música. Hoy desde el Grupo municipal del BNG queremos volver a felicitar a esta comunidad educativa que posibilitó que a lo largo de estos primeros 25 años la formación musical prendiera en más de 10.000 alumnos y alumnas y agradecer, por supuesto también, la demostración de esta fortaleza en la celebración con la que nos honraron en el Teatro Colón el pasado 19 de abril. El talento y el esfuerzo demostrados en el escenario en ese día de fiesta y con las mejores galas, fruto del trabajo entregado y silencioso de las aulas, nos obligan a observar cómo está siendo el día a día de la Escuela Municipal de Música.*

A quen coñecemos a evolución desta escola nestes 25 anos preocúpanos o insuficiente apoio e o papel secundario que agora ocupa no Consorcio para a Promoción da Música e que merece unha resposta do Goberno local.

*A quienes conocemos la evolución de esta escuela en estos 25 años nos preocupan el insuficiente apoyo y el papel secundario que ahora ocupa en el Consorcio para la Promoción de la Música y que merece una respuesta del Gobierno local.*

Por unha banda, observamos un edificio con múltiples e persistentes problemas estruturais e onde se comproba que non hai un mantemento ordinario. Como exemplo, na Escola neste momento hai 49 tubos fluorescentes fundidos. Parécelle ó Goberno municipal que este apagón é compatible coa excelencia educativa? É bo exemplo para presumir da Coruña como referente cultural do noroeste peninsular como adoita dicir este goberno local?

*Por una parte, observamos un edificio con múltiples y persistentes problemas estructurales y donde se comprueba que no hay un mantenimiento ordinario. Como ejemplo, en la Escuela en este momento hay 49 tubos fluorescentes fundidos ¿Le parece al Gobierno municipal que este apagón es compatible con la excelencia educativa? ¿Es buen ejemplo para presumir de A Coruña como referente cultural del noroeste peninsular como suele decir este gobierno local?*

Por outra banda, hai nesta escola unha dirección que non conta con orzamento propio, que impide, polo tanto,

*Por otra parte, hay en esta escuela una dirección que no cuenta con presupuesto propio, que impide, por lo tanto,*

desenvolver o proxecto didáctico do que se responsabilizou ó optar ó cargo. Comprobamos tamén unhas limitacións económicas que impiden, por exemplo, programar actuacións fóra do centro, participar da oferta cultural da cidade ou repoñer material. Imaxinan unha escola de música onde se aprende con instrumentos en mal estado ou insuficientes porque os que se deterioran non se repoñen? Como non se está a dedicar á Escola parte do aumento de 250.000 € proposto polo BNG no acordo de orzamentos para este ano 2024?

*desarrollar el proyecto didáctico del que se responsabilizó al optar al cargo. Comprobamos también unas limitaciones económicas que impiden, por ejemplo, programar actuaciones fuera del centro, participar de la oferta cultural de la ciudad o reponer material ¿Imaginan una escuela de música donde se aprende con instrumentos en mal estado o insuficientes porque los que se deterioran no se reponen? ¿Cómo no se está dedicando a la Escuela parte del aumento de 250.000 € propuesto por el BNG en el acuerdo de presupuestos para este año 2024?*

Comprobamos tamén unha escola á que non se lle está permitindo medrar. Por unha banda, para atender a demanda de alumnado que queda fóra por falta de prazas, nalgúns instrumentos sobre todo nas quendas de tarde, pero tamén para ofertar aulas pola mañá —como xa houbo noutro tempo—, sobre todo para público adulto.

*Comprobamos también una escuela a la que no se le está permitiendo crecer. Por una parte, para atender la demanda de alumnado que queda fuera por falta de plazas, en algunos instrumentos sobre todo en los turnos de tarde, pero también para ofertar aulas por la mañana —como ya hubo en otro tiempo—, sobre todo para público adulto.*

E finalmente comprobamos que agora temos unha escola municipal de música a piques de rematar xa en moi pouco tempo a concesión sen que o Goberno local nos traslade que está a traballar nunha proposta alternativa, con toda a incerteza e inseguridade que isto está a provocar no profesorado. No BNG compartimos estas preocupacións do profesorado da Escola Municipal de Música que son a preocupación polo futuro inmediato da formación musical de base na nosa cidade.

*Y finalmente comprobamos que ahora tenemos una escuela municipal de música a punto de finalizar ya en muy poco tiempo la concesión sin que el Gobierno local nos traslade que está trabajando en una propuesta alternativa, con toda la incertidumbre e inseguridad que esto está provocando en el profesorado. En el BNG compartimos estas preocupaciones del profesorado de la Escuela Municipal de Música que son la preocupación por el futuro inmediato de la formación musical de base en nuestra ciudad.*

Pode o Goberno local mudar a súa partitura silenciosa que segue e comprometerse coa comunidade educativa da Escola Municipal de Música a impulsar un proxecto cultural e formativo de base para a cidade como é este? Desde logo sería neste ano 2024 unha boa homenaxe a Luisa Villalta, violinista e amante da música.

*¿Puede el Gobierno local cambiar su partitura silenciosa que sigue y comprometerse con la comunidad educativa de la Escuela Municipal de Música a impulsar un proyecto cultural y formativo de base para la ciudad como es este? Desde luego sería en este año 2024 un buen homenaje a Luisa Villalta, violinista y amante de la música.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Señor Castro Prado**

***Señor Castro Prado***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Para este goberno a función pedagóxica, non?, e o fomento da cultura de base que ten, que encarna o proxecto da Escola Municipal de Música, é fundamental, é esencial. Un proxecto que naceu co impulso dun goberno socialista e un proxecto do que estamos permanentemente pendentes e no que estamos traballando a cotío. De feito, esta cuestión que se lle traslada agora mesmo das luminarias xa está en vías de solución desde a pasada semana.

*Para este gobierno la función pedagógica, ¿no?, y el fomento de la cultura de base que tiene, que encarna el proyecto de la Escuela Municipal de Música, es fundamental, es esencial. Un proyecto que nació con el impulso de un gobierno socialista y un proyecto del que estamos permanentemente pendientes y en el que estamos trabajando día a día. De hecho, esta cuestión que se le traslada ahora mismo de las lámparas ya está en vías de solución desde la pasada semana.*

Cuestións, digamos concretas, aparte, penso que o que non se pode negar é a implicación do Goberno da nosa alcaldesa na Escola Municipal de Música en varios aspectos. Un, que é o esencial e fundamental tamén, é as condicións laborais, non? dos mestres e das mestras da Escola Municipal de Música que, por fin, non?, teñen un convenio colectivo digno, con condicións laborais e retributivas dignas. Algo no que tivo que ver moito o traballo do Goberno da nosa alcaldesa. Moito, moitísimo diría eu, que contrasta por desgracia coa situación doutras escolas municipais de música, non?, como por exemplo digamos recentemente, hai un par de semanas o caso da Escola Municipal de Música de Santiago, onde a CIG comunicaba que chegara a un acordo coa inspección laboral para resolver uns problemas das condicións laborais, non? do persoal da Escola Municipal de Música e mesmo falaba claramente de inacción durante un ano dos responsables da Escola Municipal de Música.

*Cuestiones, digamos concretas, aparte, creo que lo que no se puede negar es la implicación del Gobierno de nuestra alcaldesa en la Escuela Municipal de Música en varios aspectos. Uno, que es el esencial y fundamental también, es las condiciones laborales, ¿no? de los maestros y de las maestras de la Escuela Municipal de Música que, por fin, ¿no?, tienen un convenio colectivo digno, con condiciones laborales y retributivas dignas. Algo en lo que tuvo que ver mucho el trabajo del Gobierno de nuestra alcaldesa. Mucho, muchísimo diría yo, que contrasta por desgracia con la situación de otras escuelas municipales de música, ¿no?, como por ejemplo digamos recientemente, hace un par de semanas el caso de la Escuela Municipal de Música de Santiago, donde la CIG comunicaba que había llegado a un acuerdo con la inspección laboral para resolver unos problemas de las condiciones laborales, ¿no? del personal de la Escuela Municipal de Música e incluso hablaba claramente de inacción durante un año de los responsables de la Escuela Municipal de Música.*

Aquí non hai esa inacción. Aquí o que hai é un compromiso claro e rotundo coa función pedagóxica formativa da Escola Municipal de Música, e ese compromiso conleva, pois efectivamente, que o Consorcio da Promoción da Música teña que adicar recursos de forma prioritaria á mesma e conleva tamén o compromiso de impulsar, desde o punto de vista da imaxe simbólica do valor da Escola Municipal de Música, o seu traballo.

*Aquí no hay esa inacción. Aquí lo que hay es un compromiso claro y rotundo con la función pedagógica formativa de la Escuela Municipal de Música, y ese compromiso conlleva, pues efectivamente, que el Consorcio de la Promoción de la Música tenga que dedicar recursos de forma prioritaria a la misma y conlleva también el compromiso de impulsar, desde el punto de vista de la imagen simbólica del valor de la Escuela Municipal de Música, su trabajo.*

Como ben se dicía, co 25 aniversario da Escola Municipal de Música fúmonos a un recinto creo que esencial, non? na vida cultural desta cidade, que ten un alto valor como é o Teatro Colón e que creo que mostra moi ás claras: un, que non, que non existe discrecionalidade nin arbitrariedade na xestión dos recintos culturais, e dous, que a Escola Municipal de Música ten un valor esencial para este goberno, ate o punto de levar a súa gala de 25 aniversario ao Teatro Colón. E podo anunciar tamén hoxe aquí que a gala de final de curso da Escola Municipal de Música terá lugar tamén no Teatro Colón, non no Ágora como era habitual noutros mandatos. No Teatro Colón porque eu creo que a Escola Municipal de Música e o seu traballo ten que ter o maior recinto, o mellor recinto cultural que pode ter esta cidade para eles, que neste caso é o Teatro Colón.

*Como bien se decía, con el 25 aniversario de la Escuela Municipal de Música nos fuimos a un recinto creo que esencial, ¿no? en la vida cultural de esta ciudad, que tiene un alto valor como es el Teatro Colón y que creo que muestra muy claramente: uno, que no, que no existe discrecionalidad ni arbitrariedad en la gestión de los recintos culturales, y dos, que la Escuela Municipal de Música tiene un valor esencial para este gobierno, hasta el punto de llevar su gala de 25 aniversario al Teatro Colón. Y puedo anunciar también hoy aquí que la gala de final de curso de la Escuela Municipal de Música tendrá lugar también en el Teatro Colón, no en el Ágora como era habitual en otros mandatos. En el Teatro Colón porque yo creo que la Escuela Municipal de Música y su trabajo tiene que tener el mayor recinto, el mejor recinto cultural que puede tener esta ciudad para ellos, que en este caso es el Teatro Colón.*

Tamén estamos a traballar, obviamente, en blindar a financiación da Escola Municipal de Música co resto de membros de administracións implicadas no Consorcio de Promoción da Música, con xestións coa Xunta e con xestións coa Deputación, para que as aportacións que se fan, tanto pola Xunta como pola Deputación, estean orientadas á Escola Municipal de Música e ás súas necesidades. De feito, á propia Deputación, á Área de Cultura da Deputación, transmitímoslle a nosa

*También estamos trabajando, obviamente, en blindar la financiación de la Escuela Municipal de Música con el resto de miembros de administraciones implicadas en el Consorcio de Promoción de la Música, con gestiones con la Xunta y con gestiones con la Diputación, para que las aportaciones que se hacen, tanto por la Xunta como por la Diputación, estén orientadas a la Escuela Municipal de Música y a sus necesidades. De hecho, a la propia Diputación, al Área de Cultura de la Diputación, le transmitimos nuestra*

vontade de que no convenio que existe coa Deputación para financiar a Escola Municipal de Música se estableza xa unha cantidade concreta destinada especificamente á mesma no convenio, falo do convenio que ten co Consorcio da Promoción da Música.

*voluntad de que en el convenio que existe con la Diputación para financiar la Escuela Municipal de Música se establezca ya una cantidad concreta destinada específicamente a la misma en el convenio, hablo del convenio que tiene con el Consorcio de la Promoción de la Música.*

É esencial e non ten ningún sentido a participación da administración pública nun proxecto como é o Consorcio se non se vincula a **(óese un sinal indicativo da finalización do tempo de intervención)** á actividade formativa e pedagóxica da Escola Municipal de Música e tamén a actividade de fomento, non?, da cultura de base.

*Es esencial y no tiene ningún sentido la participación de la administración pública en un proyecto como es el Consorcio si no se vincula a* ***(se oye una señal indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *a la actividad formativa y pedagógica de la Escuela Municipal de Música y también la actividad de fomento, ¿no?, de la cultura de base.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Rematan aquí as preguntas do BNG.

*Finalizan aquí las preguntas del BNG.*

**PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

***PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR***

**Primeira. Pregunta de resposta oral relativa a vivenda.**

***Primera. Pregunta de respuesta oral relativa a vivienda.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Pasamos xa ás preguntas do Partido Popular.

*Pasamos ya a las preguntas del Partido Popular.*

Primeira pregunta. Señor Deus.

*Primera pregunta. Señor Deus.*

**Señor Deus Álvarez**

***Señor Deus Álvarez***

Moitas grazas, señora alcaldesa.

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Que solucións achega o Goberno municipal aos problemas de vivenda na cidade?*

¿Qué soluciones aporta el Gobierno municipal a los problemas de vivienda en la ciudad?

**Ás trece horas e corenta minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera**

***A las trece horas y cuarenta minutos sale del Salón de Sesiones o señor Jorquera***

**Caselas.**

__**Señor Díaz Gallego**__

*Todas as que están na nosa man.*

__**Señor Deus Álvarez**__

*A Coruña pechou o ano 2023 como unha das capitais máis caras en vivenda tanto no que se refire ao mercado de compravenda como ao de alugueiro e esa tendencia segue marcando máximos no que vai de ano 2024. As estatísticas dinnos que os últimos 5 anos —coincidindo cos seus dous mandatos, señora Rey—, o prezo de venda de vivendas incrementouse un 27% e o prezo de alugueiros subiu un 30% na cidade. Ante estes datos é imprescindíbel realizar un diagnóstico adecuado da situación que existe na nosa cidade para adoptar as medidas que palíen estas dificultades.*

*O mercado de alugueiro na cidade atópase en mínimos históricos e cunha demanda en cotas máximas. Lonxe de solucionar o problema a nova Lei de vivenda empeórao aínda máis, penaliza ao propietario, máis dos 95% pequenos aforradores, e non contempla ningunha medida para favorecer o alugueiro. Cada vez son máis os propietarios que unha vez terminado o contrato de alugueiro vixente deciden poñer o piso á venda ou os teñen baleiros, debido á inseguridade xurídica e sobre todo ao medo ás inquiokupaciones que someten ao propietario a un sufrimento inxusto.*

*A primeira mirada por aumentar as vivendas en alugueiro vaise a esas vivendas baleiras que se retiran do mercado. O seu goberno, señora Rey, pode tomar medidas aumentando as bonificacións fiscais, o aumento das subvencións para as reformas de inmobles que adquiren o compromiso de arrendalos e por suposto realizando un*

***Caselas.***

__***Señor Díaz Gallego***__

Todas las que están en nuestra mano.

__***Señor Deus Álvarez***__

A Coruña cerró el año 2023 como una de las capitales más caras en vivienda tanto en lo que se refiere al mercado de compraventa como al de alquiler y esa tendencia sigue marcando máximos en lo que va de año 2024. Las estadísticas nos dicen que los últimos 5 años —coincidiendo con sus dos mandatos, señora Rey—, el precio de venta de viviendas se ha incrementado un 27% y el precio de alquileres ha subido un 30% en la ciudad. Ante estos datos es imprescindible realizar un diagnóstico adecuado de la situación que existe en nuestra ciudad para adoptar las medidas que palíen estas dificultades.

El mercado de alquiler en la ciudad se encuentra en mínimos históricos y con una demanda en cotas máximas. Lejos de solucionar el problema la nueva Ley de vivienda lo empeora aún más, penaliza al propietario, más del 95% pequeños ahorradores, y no contempla ninguna medida para favorecer el alquiler. Cada vez son más los propietarios que una vez terminado el contrato de alquiler vigente deciden poner el piso a la venta o los tienen vacíos, debido a la inseguridad jurídica y sobre todo al miedo a las inquiokupaciones que someten al propietario a un sufrimiento injusto.

La primera mirada por aumentar las viviendas en alquiler se va a esas viviendas vacías que se retiran del mercado. Su gobierno, señora Rey, puede tomar medidas aumentando las bonificaciones fiscales, el aumento de las subvenciones para las reformas de inmuebles que adquieren el compromiso de arrendarlos y por supuesto realizando un esfuerzo en

*esforzo en axudas económicas e sociais que permita paliar a situación de vulnerabilidade dos arrendatarios, sen que poida trasladarse esta responsabilidade ao arrendador.*

ayudas económicas y sociales que permita paliar la situación de vulnerabilidad de los arrendatarios, sin que pueda trasladarse esta responsabilidad al arrendador.

*Outra fórmula é a colaboración público-privada poñendo parcelas para que se desenvolvan vivendas en alugueiro a un prezo taxado. O seu portavoz dixo neste pleno que durante este mandato utilizarían este sistema de cesión de solo para a construción de 500 vivendas en réxime de alugueiro a través de EMVSA. Señor Lage, como ten este asunto? Ou é que estivo entretido noutro tipo de promocións?*

Otra fórmula es la colaboración público-privada poniendo parcelas para que se desarrollen viviendas en alquiler a un precio tasado. Su portavoz dijo en este pleno que durante este mandato utilizarían este sistema de cesión de suelo para la construcción de 500 viviendas en régimen de alquiler a través de EMVSA. Señor Lage, ¿Cómo tiene este asunto? ¿O es que ha estado entretenido en otro tipo de promociones?

*En paralelo discorre o mercado de venda de vivenda nova na cidade. Os promotores veñen alertando de que a oferta de vivenda nova non chega a cubrir as necesidades da demanda, sobre todo debido á carencia de solo para edificar. Estamos a expulsar á poboación, na súa maioría mozos, da nosa cidade. Non se desenvolveron ningún dos polígonos que prevé o Plan Xeral que xerarían solo edificable para construír vivendas, tanto en venda ou en alugueiro, con ou sen protección. A tramitación destes solos debe ser máis áxil para poder dispoñer deses terreos no momento que se necesiten e non tensionar o mercado.*

En paralelo discurre el mercado de venta de vivienda nueva en la ciudad. Los promotores vienen alertando de que la oferta de vivienda nueva no llega a cubrir las necesidades de la demanda, sobre todo debido a la carencia de suelo para edificar. Estamos expulsando a la población, en su mayoría jóvenes, de nuestra ciudad. No se han desarrollado ninguno de los polígonos que prevé el Plan General que generarían suelo edificable para construir viviendas, tanto en venta o en alquiler, con o sin protección. La tramitación de estos suelos ha de ser más ágil para poder disponer de esos terrenos en el momento que se necesiten y no tensionar el mercado.

*Señor Díaz, xa sei que están a traballar, pero deixen de traballar e que se vexa algo de solo xa para poder poñer no mercado. É que levamos traballando moitos anos e a cousa segue no mesmo punto de partida. Lémbrolle que este Concello ten dende o ano 2017 a obriga de construír un edificio de 50 vivendas en Xuxán que aínda non se empezou e que debería estar xa construído. A Xunta de Galicia propuxo ao Concello cambiar o uso de dúas parcelas en Xuxán para construír 500 vivendas máis de*

Señor Díaz, ya sé que están trabajando, pero dejen de trabajar y que se vea algo de suelo ya para poder poner en el mercado. Es que llevamos trabajando muchos años y la cosa sigue en el mismo punto de partida. Le recuerdo que este Concello tiene desde el año 2017 la obligación de construir un edificio de 50 viviendas en Xuxán que aún no se ha empezado y que debería estar ya construido. La Xunta de Galicia ha propuesto al Concello cambiar el uso de dos parcelas en Xuxán para construir 500 viviendas más de promoción pública. Les

*promoción pública. Pedímoslles que axilicen esa reforma do Plan Xeral.*

*Gustaríame tamén que aclarase en que punto se atopan as negociacións do Concello coa Sareb. Levan dende o ano 2021 con este tema e durante a campaña das municipais anunciaron o ofrecemento de 67 vivendas para alugueiro social e non volvemos a saber máis delas. Que nos poden dicir deste asunto?*

*Ante esta problemática da vivenda na cidade vostede, señora Rey, vai en sentido contrario ás demandas do sector. Pretende declarar á cidade zona tensionada ao amparo da lei estatal e lonxe de conseguir unha baixada dos prezos de alugueiro o que vai provocar é un recorte da oferta e un aumento dos prezos. As zonas tensionadas son un fracaso absoluto. O control dos prezos só provoca a contracción da demanda.*

*Insistimos sempre en tres medidas imprescindibles: desenvolvemento dos polígonos previstos no Plan Xeral, aumento das axudas á rehabilitación para poñer no mercado máis vivendas en venda ou alugueiro e a axilidade na concesión e tramitación das licenzas con uniformidade de criterios e a transparencia sobre o estado dos expedientes.*

*Vou facer unha versión do señor* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —*acabo xa, señora Rey—, vou facer unha versión do señor Lage:* nesta cidade o coruñesito de a pé tarda máis dun ano en obter unha licenza de cambio de uso. *Non é de recibo ter un primeiro tenente de alcaldesa que nos menta e que consiga unha licenza en menos dun mes e medio, máis aló de agradecerlle o aumento do parque de vivenda na cidade.*

pedimos que agilicen esa reforma del Plan General.

Me gustaría también que aclarase en qué punto se encuentran las negociaciones del Concello con la Sareb. Llevan desde el año 2021 con este tema y durante la campaña de las municipales anunciaron el ofrecimiento de 67 viviendas para alquiler social y no hemos vuelto a saber más de ellas ¿Qué nos pueden decir de este asunto?

Ante esta problemática de la vivienda en la ciudad usted, señora Rey, va en sentido contrario a las demandas del sector. Pretende declarar a la ciudad zona tensionada al amparo de la ley estatal y lejos de conseguir una bajada de los precios de alquiler lo que va a provocar es un recorte de la oferta y un aumento de los precios. Las zonas tensionadas son un fracaso absoluto. El control de los precios solo provoca la contracción de la demanda.

Hemos insistido siempre en tres medidas imprescindibles: desarrollo de los polígonos previstos en el Plan General, aumento de las ayudas a la rehabilitación para poner en el mercado más viviendas en venta o alquiler y la agilidad en la concesión y tramitación de las licencias con uniformidad de criterios y la transparencia sobre el estado de los expedientes.

Voy a versionar al señor ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** —acabo ya, señora Rey—, voy a versionar al señor Lage: *en esta ciudad el coruñesito de a pie tarda más de un año en obtener una licencia de cambio de uso*. No es de recibo tener un primer teniente de alcaldesa que nos mienta y que consiga una licencia en menos de un mes y medio, más allá de agradecerle el aumento del parque de vivienda en la ciudad.

*Sabe que din os coruñesitos? Que queren ser como vostede.*

*Moitas grazas.*

**Señor Díaz Gallego**

*Grazas, señor Deus.*

*Vexo que segue o monotema, non? da Lei de vivenda e da okupación. Neste caso antes falaba vostede tamén de... facía autocrítica nesta intervención súa. Entendo que o estamos a expulsar aos mozos da cidade tamén é, refírese aos seus propios compañeiros da Xunta de Galicia que non están a facer nada en materia de vivenda na nosa cidade. Co cal, continúe vostede coa autocrítica, pero está ben que lla traslade aos seus compañeiros da Xunta de Galicia, que non quede só aquí no Salón de Plenos comentándoa. Compañeiros que, por certo, tamén lle quero aclarar que aínda non nos remitiron nin presentaron o documento para modificar o Plan Xeral no ámbito de Xuxán, co cal nós non podemos traer a este pleno nin a ningunha xunta de goberno un documento que non foi presentado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo. O problema da vivenda na Coruña, como diciamos, é un problema, un dos problemas, maiores problemas ao que nos enfrontamos na cidade. Un problema para o que non hai solucións máxicas, pero si pasos que é necesario dar para sentar as bases dun mellor mercado da vivenda. Pasos que desde o ano 2019 este goberno está a dar e que se sustentan en tres liñas fundamentais.*

*O primeiro, a axilización das licenzas de vivenda con algún réxime de protección. Neste sentido, como xa dicía na moción do BNG, desde 2019 concedemos licenza para 500 novas vivendas protexidas tanto en Xuxán como en Novo Mesoiro. Este ano, en 2024, concederemos licenza para*

¿Sabe qué dicen los coruñesitos? Que quieren ser como usted.

Muchas gracias.

***Señor Díaz Gallego***

Gracias, señor Deus.

Veo que sigue el monotema, ¿no? de la Ley de vivienda y de la okupación. En este caso antes hablaba usted también de... hacía autocrítica en esta intervención suya. Entiendo que el estamos expulsando a los jóvenes de la ciudad también es, se refiere a sus propios compañeros de la Xunta de Galicia que no están haciendo nada en materia de vivienda en nuestra ciudad. Con lo cual, continúe usted con la autocrítica, pero está bien que se la traslade a sus compañeros de la Xunta de Galicia, que no se quede solo aquí en el Salón de Plenos comentándola. Compañeros que, por cierto, también le quiero aclarar que aún no nos han remitido ni presentado el documento para modificar el Plan General en el ámbito de Xuxán, con lo cual nosotros no podemos traer a este pleno ni a ninguna junta de gobierno un documento que no ha sido presentado por el Instituto Galego de Vivenda y Suelo. El problema de la vivienda en A Coruña, como decíamos, es un problema, uno de los problemas, mayores problemas al que nos enfrentamos en la ciudad. Un problema para el que no hay soluciones mágicas, pero sí pasos que es necesario dar para sentar las bases de un mejor mercado de la vivienda. Pasos que desde el año 2019 este gobierno está dando y que se sustentan en tres líneas fundamentales.

El primero, la agilización de las licencias de vivienda con algún régimen de protección. En este sentido, como ya decía en la moción del BNG, desde 2019 hemos concedido licencia para 500 nuevas viviendas protegidas tanto en Xuxán como en Novo Mesoiro. Este año, en 2024,

*500 protexidas máis en Xuxán e en Someso e nos próximos meses levaremos á Xunta de Goberno esas licenzas, en concreto 210, para alugueiro en Xuxán, 50 delas promovidas polo IGVS. 1.000 novas vivendas protexidas na cidade en 5 anos, unha cifra que facía moitos anos que non se vía e da que o único que teñamos que lamentar é que só o 10 % sexan promovidas directamente pola administración competente en materia de vivenda, que é a Xunta de Galicia.*

concederemos licencia para 500 protegidas más en Xuxán y en Someso y en los próximos meses llevaremos a la Junta de Gobierno esas licencias, en concreto 210, para alquiler en Xuxán, 50 de ellas promovidas por el IGVS. 1.000 nuevas viviendas protegidas en la ciudad en 5 años, una cifra que hacía muchos años que no se veía y de la que lo único que tengamos que lamentar es que solo el 10 % sean promovidas directamente por la administración competente en materia de vivienda, que es la Xunta de Galicia.

*O outro paso é a xestión de solo. Non podemos obter solo para vivenda alcanzable pública ou privada sen xestionar solo. A cidade estivo desde 2011 a 2019 sen xestionar nin un só metro cadrado de solo. Non se puido obter por parte de administracións públicas de, ou das empresas privadas, nin un só metro cadrado de vivenda protexida máis e é algo que non nos podemos permitir. É un traballo a medio-longo prazo, pero é un traballo necesario se queremos garantir que dentro de tres, cinco ou dez anos podamos dispoñer de solo no que podamos impulsar proxectos de vivenda pública ou protexida. Neste sentido a gran aposta deste goberno local é o Polígono de Visma, un ámbito que permitirá construír preto de 4.000 vivendas das cales 1.000 serán de protección e 1/4 delas estarán en solo de titularidade municipal. Estamos a garantir con este traballo que a axilización de licenzas que antes destacaba pode ter continuidade o ano que vén cando se empecen a conceder as primeiras licenzas para o ámbito.*

El otro paso es la gestión de suelo. No podemos obtener suelo para vivienda asequible pública o privada sin gestionar suelo. La ciudad estuvo desde 2011 a 2019 sin gestionar ni un solo metro cuadrado de suelo. No se pudo obtener por parte de administraciones públicas de, o de las empresas privadas, ni un solo metro cuadrado de vivienda protegida más y es algo que no nos podemos permitir. Es un trabajo a medio-largo plazo, pero es un trabajo necesario si queremos garantizar que dentro de tres, cinco o diez años podamos disponer de suelo en el que podamos impulsar proyectos de vivienda pública o protegida. En este sentido la gran apuesta de este gobierno local es el Polígono de Visma, un ámbito que permitirá construir cerca de 4.000 viviendas de las cuales 1.000 serán de protección y 1/4 de ellas estarán en suelo de titularidad municipal. Estamos garantizando con este trabajo que la agilización de licencias que antes destacaba puede tener continuidad el año que viene cuando se empiecen a conceder las primeras licencias para el ámbito.

*E, por último, o terceiro paso é a construción directa de vivenda pública por parte das administracións, un paso no cal o Concello está a ter tamén por primeira vez en mais dunha década un papel relevante, construíndo dous edificios de vivenda pública en Marqués*

Y, por último, el tercer paso es la construcción directa de vivienda pública por parte de las administraciones, un paso en el cual el Ayuntamiento está teniendo también por primera vez en más de una década un papel relevante, construyendo dos edificios de vivienda pública en

*de Pontejos e en Xuxán, este último con 50 vivendas protexidas en réxime de alugueiro xa está a iniciar o seu procedemento de contratación para poder empezar as obras canto antes.*

Marqués de Pontejos y en Xuxán, este último con 50 viviendas protegidas en régimen de alquiler ya está iniciando su procedimiento de contratación para poder empezar las obras cuanto antes.

*Ademais, dende o Goberno local consideramos que a colaboración público-privada para o impulso de vivenda protexida, como ben se dixo, é o camiño máis rápido polo que dispoñemos para ir solucionando o problema da vivenda, unha colaboración na que as administracións non perdan a titularidade de solo e apóstese polo alugueiro fronte á compra. É un modelo, o da cesión de superficie para a construción de vivenda social, que nos parece moi interesante e que exploraremos tamén como administración propietaria de grandes bolsas de solo na cidade.*

Además, desde el Gobierno local consideramos que la colaboración público-privada para el impulso de vivienda protegida, como bien se dijo, es el camino más rápido por el que disponemos para ir solucionando el problema de la vivienda, una colaboración en la que las administraciones no pierdan la titularidad de suelo y se apueste por el alquiler frente a la compra. Es un modelo, el de la cesión de superficie para la construcción de vivienda social, que nos parece muy interesante y que exploraremos también como administración propietaria de grandes bolsas de suelo en la ciudad.

*Pero ben, para finalizar desde logo gustaríame señor Deus, gustaríame investirlle a pregunta. Que solucións achega a Xunta de Galicia do Partido Popular para solucionar o problema da vivenda na Coruña? E eu non necesito que me responda porque xa lle respondo eu e xa lle respondín tamén na moción anterior, 40 vivendas construídas en 14 anos tendo unha demanda de máis de 2.000 demandantes de vivenda protexida en Coruña, nula xestión de solo por parte da administración autonómica —cando se acaben as parcelas de Xuxán non haberá solo da Xunta de Galicia para construír vivenda pública na cidade—, nula atención ás peticións do Concello a paralizar o rexistro do REA, a vivenda de uso turístico que está a incumprir a normativa do Plan Xeral e cero facilidades aos concellos que como Coruña queremos impulsar a delimitación de zonas tensionadas, cero facilidades.*

Pero bueno, para finalizar desde luego me gustaría señor Deus, me gustaría invertirle la pregunta. ¿Qué soluciones aporta la Xunta de Galicia del Partido Popular para solucionar el problema de la vivienda en A Coruña? Y yo no necesito que me responda porque ya le respondo yo y ya le respondí también en la moción anterior, 40 viviendas construidas en 14 años teniendo una demanda de más de 2.000 demandantes de vivienda protegida en Coruña, nula gestión de suelo por parte de la administración autonómica —cuando se acaben las parcelas de Xuxán no habrá suelo de la Xunta de Galicia para construir vivienda pública en la ciudad—, nula atención a las peticiones del Concello a paralizar el registro del REA, la vivienda de uso turístico que está incumpliendo la normativa del Plan General y cero facilidades a los ayuntamientos que como Coruña queremos impulsar la delimitación de zonas tensionadas, cero facilidades.

*Este é o balance de solucións do Partido*

Este es el balance de soluciones del Partido

*Popular para o problema da vivenda* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**, *co cal, pídolle que, ben, que lle faga a pregunta que fixo hoxe vostede aquí aos seus compañeiros da Xunta de Galicia, e concretamente aos seus compañeiros do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que teñen unha débeda coa cidade bastante, bastante grande e que cada ano ademais aumenta.*

Popular para el problema de la vivienda ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)***, con lo cual, le pido que, bueno, que le haga la pregunta que hizo hoy usted aquí a sus compañeros de la Xunta de Galicia, y concretamente a sus compañeros del Instituto Galego de la Vivenda y Solo, que tienen una deuda con la ciudad bastante, bastante grande y que cada año además aumenta.

*Grazas.*

Gracias.

**Ás trece horas e corenta e oito minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.**

***A las trece horas y cuarenta y ocho minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas,

*Muchas gracias.*

Segunda pregunta do Partido Popular.

*Segunda pregunta del Partido Popular.*

Nostián, señor Amado.

*Nostián, señor Amado.*

**Segunda. Pregunta de resposta oral relativa á planta de Nostián.**

***Segunda. Pregunta de respuesta oral relativa a la planta de Nostián.***

***Señor Amado de la Fuente***

**Señor Amado de la Fuente**

*Considera Inés Rey que a planta de retratamento residuos de Nostián é viable sen a participación do Consorcio das Mariñas?*

¿Considera Inés Rey que la planta de retratamiento residuos de Nostián es viable sin la participación del Consorcio das Mariñas?

**Ás trece horas e cincuenta minutos sae do Salón de Sesións a señora Neira Fernández.**

***A las trece horas y cincuenta minutos sale del Salón de Sesiones la señora Neira Fernández.***

**Señora Díaz Vázquez**

***Señora Díaz Vázquez***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Bo día ás persoas presentes e ás que nos seguen polo streaming.

*Buen día a las personas presentes y a las que nos siguen por la retransmisión en directo.*

A planta de Nostián foi e será unha aposta

*La planta de Nostián fue y será una*

firme dos gobernos socialistas, polo que a súa viabilidade está e estará sempre asegurada.

*apuesta firme de los gobiernos socialistas, por lo que su viabilidad está y estará siempre asegurada.*

Grazas.

*Gracias.*

**Señor Amado de la Fuente**

***Señor Amado de la Fuente***

*Dende a toma de posesión como concelleiros o pasado mes de xuño é raro o Pleno municipal no que non vén como asunto prioritario nos debates o da planta de tratamento residuos sólidos urbanos de Nostián. Non acabamos de entender como é posíbel que un contrato que leva vencido máis de catro anos e que ten a incidencia, tanto municipal como supramunicipal, estea sen licitar no Goberno socialista de Inés Rey.*

Desde la toma de posesión como concejales el pasado mes de junio es raro el Pleno municipal en el que no viene como asunto prioritario en los debates el de la planta de tratamiento residuos sólidos urbanos de Nostián. No acabamos de entender cómo es posible que un contrato que lleva vencido más de cuatro años y que tiene la incidencia, tanto municipal como supramunicipal, esté sin licitar en el Gobierno socialista de Inés Rey.

*En xaneiro pasado xa aprobamos unha moción onde se instaba ao Goberno municipal a unha serie de accións que a data de hoxe seguen sen executarse. Entendemos que ata este momento o máximo responsable da contratación municipal estaba ocupado coas súas obras de reforma na entreplanta da avenida do Exército e o cambio de uso desta, ademais do traballo extra que lle deu a campaña electoral do señor Besteiro na súa condición de secretario xeral do Partido Socialista. Por certo, felicitarlle señor Lage polo bo resultado conseguido na cidade. Conseguiron ser a terceira forza política desta cidade. Pero isto, grazas aos seus compañeiros de partido desta fin de semana pasada, xa está superado. Liberáronlle de ter toda a súa confianza e entendemos que poderá dedicarse a tempo completo ao Concello.*

En enero pasado ya aprobamos una moción donde se instaba al Gobierno municipal a una serie de acciones que a fecha de hoy siguen sin ejecutarse. Entendemos que hasta este momento el máximo responsable de la contratación municipal estaba ocupado con sus obras de reforma en la entreplanta de la avenida del Ejército y el cambio de uso de esta, además del trabajo extra que le dio la campaña electoral del señor Besteiro en su condición de secretario general del Partido Socialista. Por cierto, felicitarle señor Lage por el buen resultado conseguido en la ciudad. Han conseguido ser la tercera fuerza política de esta ciudad. Pero esto, gracias a sus compañeros de partido de este fin de semana pasado, ya está superado. Le han liberado de tener toda su confianza y entendemos que podrá dedicarse a tiempo completo al Ayuntamiento.

*Pero centrándonos no tema observamos como as negociacións co Consorcio, en palabras dos alcaldes que o compoñen, non chegaron a bo termo. E iso que vostede, señor Lage, dera un salto ao baleiro de consecuencias economicamente incalculables ao elevar*

Pero centrándonos en el tema observamos como las negociaciones con el Consorcio, en palabras de los alcaldes que lo componen, no llegaron a buen término. Y eso que usted, señor Lage, había dado un salto al vacío de consecuencias económicamente incalculables al elevar los

*os anos de concesión e baixarlles o prezo do tratamento da tonelada de lixo en 20 euros, sen un estudo económico público que o avalase, documentación que se negaron a entregarnos a pesar da nosa solicitude.*

**Ás trece horas e cincuenta e dous minutos entra no Salón de Sesións a señora Neira Fernández.**

*Pero por que ocorreu iso? Simplemente por unha cuestión de poder. Antepuxo, señor Lage, a súa necesidade de controlar todo o proceso de licitación e xestión da planta a unha xestión transparente e compartida, onde os concellos do Consorcio das Mariñas pasarían de ser clientes preferentes a ser socios. Que teme o señor Lage e a señora Rey? Por que non confían nos alcaldes dos concellos, moitos do seu mesmo partido, que forman parte do Consorcio das Mariñas? Saben que sen o Consorcio a planta de Nostián non ten viabilidade, así o di a páxina catro do seu estudo e que someteron a información pública en 2022. Pero e que pasa cos traballadores da planta? Que máis teñen que soportar? Están preocupados e con noticias contraditorias sobre o que poida levar, pasar, cos seus postos de traballo. Levan catro anos de incerteza, denunciando os graves problemas de mantemento que teñen na planta por parte da empresa concesionaria e que lles afectan gravemente en materia de seguridade e saúde, ademais dos incumprimentos contractuais e que fixeron durante a celebración da mesa redonda sobre a implantación do quinto contedor que vostede non asistiu e a pesar de confirmar a súa presenza.*

*Outra cuestión non menos importante é que vai pasar co recibo do lixo que reciben os seus coruñeses nas súas casas e que pode verse afectado de forma importante debido aos novos custos do*

años de concesión y bajarles el precio del tratamiento de la tonelada de basura en 20 euros, sin un estudio económico público que lo avalase, documentación que se negaron a entregarnos a pesar de nuestra solicitud.

***A las trece horas y cincuenta y dos minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Neira Fernández.***

Pero ¿por qué ha ocurrido eso? Simplemente por una cuestión de poder. Ha antepuesto, señor Lage, su necesidad de controlar todo el proceso de licitación y gestión de la planta a una gestión transparente y compartida, donde los ayuntamientos del Consorcio de las Mariñas pasarían de ser clientes preferentes a ser socios. ¿Qué teme el señor Lage y la señora Rey? ¿Por qué no confían en los alcaldes de los ayuntamientos, muchos de su mismo partido, que forman parte del Consorcio das Mariñas? Saben que sin el Consorcio la planta de Nostián no tiene viabilidad, así lo dice la página cuatro de su estudio y que sometieron a información pública en 2022. Pero ¿y qué pasa con los trabajadores de la planta? ¿Qué más tienen que soportar? Están preocupados y con noticias contradictorias sobre lo que pueda llevar, pasar, con sus puestos de trabajo. Llevan cuatro años de incertidumbre, denunciando los graves problemas de mantenimiento que tienen en la planta por parte de la empresa concesionaria y que les afectan gravemente en materia de seguridad y salud, además de los incumplimientos contractuales y que hicieron durante la celebración de la mesa redonda sobre la implantación del quinto contenedor que usted no asistió y a pesar de haber confirmado su presencia.

Otra cuestión no menos importante es qué va a pasar con el recibo de la basura que reciben sus coruñeses en sus casas y que puede verse afectado de forma importante debido a los nuevos costes del tratamiento

*tratamento do lixo, pola redución de ingresos polos novos convenios de Ecoembes Ecovidrio, á entrada de novos canons impulsados polo Goberno central no referente ó vertedoiro e á substitución do modelo húmido-seco pola do quinto contedor, feito indiscutíbel e que vostedes mesmos xa deron por pechado. Son moitas as preguntas que expomos na intervención do pasado 1 de febreiro e que seguen sen resposta. Non sabemos se a señora Díaz ten outra contestación a todas as nosas preguntas que a graza que fixo na súa intervención de chamarnos partido pirómano, ou se segue aínda buscando pellets polas praias no canto de respondelas. Dende logo a data de hoxe non deu mostras da súa competencia nestes asuntos.*

*Señora Rey e señor Lage, vostedes son por acción ou por omisión responsábeis de todos os incumprimentos da planta en materia ambiental. Son responsábeis de toda a carga emocional que afecta ós traballadores debido á precariedade da súa situación laboral. Son responsábeis dos pagos irregulares cifrados en millóns de euros con reparo suspensivo do interventor e que levan facendo durante estes catro anos. E son responsábeis da ruptura do bo entendemento cos concellos limítrofes que houbo ata o momento na xestión de residuos sólidos urbanos e que* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *foron sostedores da planta de Nostián coa súa achega e solidariedade. Moitas grazas.*

Moitas grazas.

**<u>Señora Díaz Vázquez</u>**

Ben. O primeiro, señor Amado, chameilles partido pirófilo, que non é o mesmo que pirómano. Búsqueo na RAE ou na RAG. É así.

de la basura, por la reducción de ingresos por los nuevos convenios de Ecoembes Ecovidrio, a la entrada de nuevos cánones impulsados por el Gobierno central en lo referente a vertederos y a la sustitución del modelo húmedo-seco por la del quinto contenedor, hecho indiscutible y que ustedes mismos ya han dado por cerrado. Son muchas las preguntas que planteamos en la intervención del pasado 1 de febrero y que siguen sin respuesta. No sabemos si la señora Díaz tiene otra contestación a todas nuestras preguntas que la gracia que hizo en su intervención de llamarnos partido pirómano, o si sigue todavía buscando pellets por las playas en vez de responderlas. Desde luego a fecha de hoy no ha dado muestras de su competencia en estos asuntos.

Señora Rey y señor Lage, ustedes son por acción o por omisión responsables de todos los incumplimientos de la planta en materia medioambiental. Son responsables de toda la carga emocional que afecta a los trabajadores debido a la precariedad de su situación laboral. Son responsables de los pagos irregulares cifrados en millones de euros con reparo suspensivo del interventor y que se llevan haciendo durante estos cuatro años. Y son responsables de la ruptura del buen entendimiento con los ayuntamientos limítrofes que ha habido hasta el momento en la gestión de residuos sólidos urbanos y que ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** han sido sostenedores de la planta de Nostián con su aportación y solidaridad.

Muchas gracias.

***<u>Señora Díaz Vázquez</u>***

*Bien. Lo primero, señor Amado, les llamé partido pirófilo, que no es lo mismo que pirómano. Búsquelo en la RAE o en la RAG. Es así.*

Ben. A nosa planta de tratamento de residuos segue a ser unha planta vangardista, quero recordar que fai 25 anos que é capaz de tratar de xeito separado a materia orgánica, cousa que é de obrigado cumprimento para tódalas comunidades dende a última Lei de residuos do ano 2022. Logo significa que levamos 25 anos de vantaxe e experiencia.

Recentemente tiven a oportunidade de coincidir con Francisco Vázquez, falamos de Nostián e lembroume que esta planta xurdiu dunha terrible desgraza e isto non podemos esquecelo. Pero nese momento crítico e terrible, das diferentes saídas ou vías que se podían coller foi un goberno socialista o que analizou os distintos modelos de tratamento de residuos mais innovadores e ecolóxicos nese momento en Europa. E de aí naceu o modelo de tratamento de Nostián, un modelo que se basea no procesado da materia orgánica para producir biogás e compost. Un modelo que con eses 25 anos de historia tivo os seus acertos e non imos obviar os seus fallos, pero que agora con toda esa experiencia somos quen de emendar e rectificar.

Temos, como din os técnicos da concellaría, unha planta que non é perfecta pero case, posto que é capaz de tratar tódalas fraccións de residuos da forma mais sustentable e ecolóxica posible. A diferencia de Sogama, que basea o seu tratamento na incineración da materia orgánica e doutras fraccións e por riba isto non lle exime moitas veces sen sequera ser procesadas de levar a vertedoiro directamente residuos directamente do contedor.

E por se a alguén lle interesa, que seguro que si, coa nova lei todo aquelo que se incinera non se vai considerar material recuperado, polo que Sogama vai ter graves problemas, o que suporá que terá

*Bien. Nuestra planta de tratamiento de residuos sigue siendo una planta vanguardista, quiero recordar que hace 25 años que es capaz de tratar de manera separada la materia orgánica, cosa que es de obligado cumplimiento para todas las comunidades desde la última Ley de residuos del año 2022. Entonces significa que llevamos 25 años de ventaja y experiencia.*

*Recientemente tuve la oportunidad de coincidir con Francisco Vázquez, hablamos de Nostián y me recordó que esta planta surgió de una terrible desgracia y esto no podemos olvidarlo. Pero en ese momento crítico y terrible, de las diferentes salidas o vías que se podían coger fue un gobierno socialista el que analizó los distintos modelos de tratamiento de residuos más innovadores y ecológicos en ese momento en Europa. Y de ahí nació el modelo de tratamiento de Nostián, un modelo que se basa en el procesado de la materia orgánica para producir biogás y compost. Un modelo que con esos 25 años de historia tuvo sus aciertos y no vamos a obviar sus fallos, pero que ahora con toda esa experiencia somos quiénes de emendar y rectificar.*

*Tenemos, como dicen los técnicos de la concejalía, una planta que no es perfecta pero casi, puesto que es capaz de tratar todas las fracciones de residuos de la forma más sostenible y ecológica posible. A diferencia de Sogama, que basa su tratamiento en la incineración de la materia orgánica y de otras fracciones y encima esto no le exime muchas veces sin siquiera ser procesadas de llevar al vertedero directamente residuos directamente del contenedor.*

*Y por si a alguien le interesa, que seguro que sí, con la nueva ley todo aquello que se incinera no se va a considerar material recuperado, por lo que Sogama va a tener graves problemas, lo que supondrá que*

que construír novas plantas ou instalacións para tratar separadamente esa materia orgánica, repercutindo polo tanto eses custes ós concellos que lles van levar os seus residuos. No noso caso a planta de Nostián no é só que sexa xa un modelo mais respectuoso co medio ambiente, porque non conta con incineración, senón que a día de hoxe xa é capaz de tratar tódalas fraccións que se producen e se van producir na cidade. É dicir, pode tratar separadamente esas futuras cinco fraccións obrigadas por lei.

Polo tanto, señor Amado, como non vai ser viable se é unha planta completa, capaz de xerar enerxía, producir compost e reciclar xa a día de hoxe tres veces mais envases que a Planta de Sogama? Como non vai ser viable?

E, por outra banda, as conversas co Consorcio das Mariñas seguen abertas e fomos quen de obter un prezo por tonelada de residuo moi bo e competitivo. Pechamos precisamente co Consorcio ese prezo. Do mesmo xeito traballamos en documentos compartidos co Consorcio para pechar os pregos, así que non está todo dito. Claro que sabemos o custe de funcionamento da planta con e sen Consorcio porque é o noso deber ter esa seguridade, xa non só por protexer o legado, senón sobre todo polos traballadores e traballadoras, porque a nosa obriga, o noso compromiso, é defender os seus postos de traballo. E penso y así coido que se nos trasladou que é tamén unha preocupación e unha obriga para o Partido Popular e o BNG aquí presentes. Penso que nisto temos que aliñarnos e defender esta a nosa planta, pioneira, vangardista e que ten mais de cen postos de traballo que merecen ser respectados.

Nostián ten a capacidade para tratar os residuos da Coruña e dos concellos do Consorcio: Abegondo, Bergondo,

*tendrá que construir nuevas plantas o instalaciones para tratar separadamente esa materia orgánica, repercutiendo por lo tanto esos costes a los ayuntamientos que les van a llevar sus residuos. En nuestro caso la planta de Nostián no es solo que sea ya un modelo más respetuoso con el medio ambiente, porque no cuenta con incineración, sino que a día de hoy ya es capaz de tratar todas las fracciones que se producen y se van a producir en la ciudad. Es decir, puede tratar separadamente esas futuras cinco fracciones obligadas por ley.*

*Por lo tanto, señor Amado, ¿cómo no va a ser viable si es una planta completa, capaz de generar energía, producir compost y reciclar ya a día de hoy tres veces más envases que la Planta de Sogama? ¿Cómo no va a ser viable?*

*Y, por otra parte, las conversaciones con el Consorcio de las Mariñas siguen abiertas y fuimos quien de obtener un precio por tonelada de residuo muy bueno y competitivo. Cerramos precisamente con el Consorcio ese precio. Del mismo modo trabajamos en documentos compartidos con el Consorcio para cerrar los pliegos, así que no está todo dicho. Claro que sabemos el coste de funcionamiento de la planta con y sin Consorcio porque es nuestro deber tener esa seguridad, ya no solo por proteger el legado, sino sobre todo por los trabajadores y trabajadoras, porque nuestro deber, nuestro compromiso, es defender sus puestos de trabajo. Y pienso y así creo que se nos trasladó que es también una preocupación y un deber para el Partido Popular y el BNG aquí presentes. Creo que en esto tenemos que alinearnos y defender esta nuestra planta, pionera, vanguardista y que tiene más de cien puestos de trabajo que merecen ser respetados.*

*Nostián tiene la capacidad para tratar los residuos de A Coruña y de los ayuntamientos del Consorcio: Abegondo,*

Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada. Pero tamén os de outros concellos que queiran adherirse. Só variará o custe, proporcionalmente menor cantos mais concellos. Pero nós temos claro cal é o modelo. Sabemos que é e seguirá a ser exemplo, por iso manterémolo e seguiremos a manter e explicaremos e aclararemos cantas veces sexa necesario o seu funcionamento. A planta necesita ser remodelada urxentemente porque despois de 25 anos require de importantes reparacións e melloras **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención),** pero sabemos que ese é o camiño e así o defenderemos. Cunhas instalacións renovadas, coa tecnoloxía mais punteira e traballando simultaneamente na mellor segregación en orixe, é dicir, nos contedores, acadaremos mais e mellores obxectivos.

Moitas grazas.

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas.

Terceira e última pregunta do Partido Popular.

Señor Lorenzo.

**Terceira. Pregunta de resposta oral relativa aos informes municipais.**

***<u>Señor Lorenzo Torres</u>***

*Grazas, señora alcaldesa.*

*Considera Inés Rey que a Policía municipal e os funcionarios municipais menten nos seus informes?*

**<u>Señora Paz Romero</u>**

Desde o Goberno municipal temos a

*Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros y Sada. Pero también los de otros ayuntamientos que quieran adherirse. Solo variará el coste, proporcionalmente menor cuántos más ayuntamientos. Pero nosotros tenemos claro cuál es el modelo. Sabemos que es y seguirá siendo ejemplo, por eso lo mantendremos y seguiremos manteniendo y explicaremos y aclararemos cuantas veces sea necesario su funcionamiento. La planta necesita ser remodelada urgentemente porque después de 25 años requiere de importantes reparaciones y mejoras* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención),*** *pero sabemos que ese es el camino y así lo defenderemos. Con unas instalaciones renovadas, con la tecnología más puntera y trabajando simultáneamente en la mejor segregación en origen, es decir, en los contenedores, alcanzaremos más y mejores objetivos.*

*Muchas gracias.*

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias.*

*Tercera y última pregunta del Partido Popular.*

*Señor Lorenzo.*

***Tercera. Pregunta de respuesta oral relativa a los informes municipales.***

**<u>Señor Lorenzo Torres</u>**

Gracias, señora alcaldesa.

¿Considera Inés Rey que la Policía municipal y los funcionarios municipales mienten en sus informes?

***<u>Señora Paz Romero</u>***

*Desde el Gobierno municipal tenemos la*

certeza de que os empregados e empregadas públicos municipais, tanto da Administración xeral como especial, desempeñan con dilixencia as tarefas que teñen asignadas e que velan polo interese xeral con observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.

*certeza de que los empleados y empleadas públicos municipales, tanto de la Administración general como especial, desempeñan con diligencia las tareas que tienen asignadas y que velan por el interés general con observancia de la Constitución y del resto del ordenamiento jurídico.*

**Señor Lorenzo Torres**

***Señor Lorenzo Torres***

*Grazas señora Paz.*

*Bo, en algo coincidimos. Estou totalmente de acordo con vostede no que dixo e nós estamos tamén, pensamos o mesmo, pero isto hai que poñelo no contexto, a pregunta no contexto, por que se pregunta.*

*Aquí vivimos no anterior Pleno unha comparecencia do señor Lage, voluntaria, para falar do inmoble que comprara, o cambio de uso de inmoble —iso si que é velocidade de cruceiro na licenza, non na do Goberno municipal da que el presume e sobre todo nas obras realizadas sen a correspondente licenza— e o señor Lage tres veces, tres veces que eu lembre, incluso unha nomeándome: señor Lorenzo non hai obras, non hai obras. E nós acreditamos con dous informes, un da Policía Local que di que foi alí o 27 de xaneiro ao inmoble e viu que se estaban facendo obras sen licenza e viu obreiros traballando dentro e levantando muros e doutra banda outro informe, que tamén hai, dun inspector de Urbanismo que foi o 4 de marzo, dous días antes de outorgarse a licenza, e di que as obras estaban rematadas conforme ao plano que había alí nunha parede.*

